**"**A Xunta de Galicia asumiu a tutela de todas as residencias, sexan públicas ou privadas, durante a crise sanitaria provocada pola covid-19. Todas están baixo un estreito e continuo control das autoridades sanitarias. Ao longo de toda a pandemia quedou demostrado que sempre que nalgunha residencia estaba en risco a calidade asistencial, a Xunta interveu coa máxima celeridade e seguindo unicamente criterios sanitarios. No caso da residencia O Incio, as autoridades sanitarias en coordinación coa Consellería de Política Social, decidiron intervila o pasado día 20 de agosto tralo incremento no número de positivos. O obxectivo foi  garantir a calidade asistencial e a correcta protección da saúde dos residentes e traballadores do centro.

Unha vez que a residencia de O Incio foi intervida pola Xunta, fíxose un seguimento médico constante das persoas usuarias e supervisouse a correcta aplicación dos protocolos aprobados polo Goberno galego.

A residencia, que conta con 102 prazas,  tivo un total de 3 falecidos no centro.

Por outro lado, desde o inicio da pandemia, a Xunta de Galicia traballou sempre coa máxima transparencia. As galegas e galegos contan cunha imaxe fiel da situación, actualizada cada día, onde coñecen:

- O número de contaxios desglosado por centros, tanto entre usuarios como entre traballadores;

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
23/12/2020 18:01:52

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:56
Nº Rexistro: 6830
Data envío: 23/12/2020 18:01:56.008

- Os falecementos totais;

- E os que se rexistran en cada unha das residencias.

A cifra de falecidos nas residencias pertencentes á Fundación San Rosendo ascende a 53, desglosados da seguinte forma:

| RESIDENCIA | Nº FALECIDOS |
|---|---|
| Os Gozos | 20 |
| Nuestra Señora de la Esperanza | 21 |
| Monterrei | 4 |
| Nuestra Señora de Fátima | 1 |
| O Incio | 3 |
| Divino Maestro | 3 |
| Nosa Señora do Viso | 1 |
| **TOTAL** | **53** |

Por outra banda a Consellería de Sanidade, dende a Xerencia da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, dacordo co protocolo de reactivación da actividade nas residencias sociosanitarias, fixo un seguimento semanal da situación de todas as residencias. Este seguimento faise polo servizo de Xeriatría do HULA, semanalmente e en contacto directo coas residencias, incidindo na situación dos residentes, situación clínica ... Así mesmo a Unidade de Atención Primaria de O Incio, fai tamén un seguimento dos residentes, atendendo todas as situacións patolóxicas propias de este tipo de pacientes .

Tamén seguindo os protocolos actuais fixéronse PCRs a todos os traballadores, tanto ao incorporarse despois de algún permiso ou de nova incorporación. Lembrar que en esta residencia, como nas outras de toda a Área Sanitaria, fíxose un cribado no mes de abril e outro no mes de xullo, sendo ámbolos dous negativos. Unha vez que se tivo coñecemento do positivo dunha traballadora da residencia, o pasado 19 de agosto, decídese facer un cribado a todos os residentes e traballadores, a mesma tarde do 19 de agosto.

En vista dos resultados dese cribado o xoves día 20 de agosto trasladouse á devandita residencia un equipo asistencial do HULA, formado polo xefe de Sección de Infecciosos, unha xeriatra e unha supervisora de enfermería, que revisan a situación clínica de todos os residentes, circuítos de manexo de pacientes e material (limpo e sucio) así como

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:56
Nº Rexistro: 6830
Data envio: 23/12/2020 18:01:56.008

posibilidades de illamento por grupos na residencia. Esta visita repítese en días sucesivos por parte da xeriatra e supervisora de enfermería. O día 22 de agosto, sábado, faise unha auditoría por parte de inspección de servizos sanitarios da Consellería de Sanidade. Dacordo coa situación clínica dos residentes, e as súas necesidades terapéuticas, polos servizos asistencias desprazados dende o HULA decídese tratar os residentes na propia residencia, sempre que sexa posible, ou o seu traslado ao Hospital cando precisaran mais medidas terapéuticas. Todo isto consensuado cos servizos asistenciais da propia residencia e coas familias. Para realizar o tratamento na residencia aportase dende o HULA tanto a medicación precisa como a estrutura loxística precisa, bombonas de oxixeno, material para tratamentos iv, etc...

O equipo asistencial do HULA supervisa todos os tratamentos e necesidades asistencias dos residentes, de forma continuada dende o inicio do brote”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:56
Nº Rexistro: 6830
Data envio: 23/12/2020 18:01:56.008

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:01:52**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:47
Nº Rexistro: 6829
Data envío: 23/12/2020 18:01:47.946
Data 23/12/2020 18:01

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1374**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da dotación dun servizo de garda de Neurocirurxía de vinte e catro horas e a creación dunha unidade de ictus no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, así como o desenvolvemento da totalidade do programa Código ictus no conxunto do territorio de Galicia"**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Nos últimos 10 anos as inversións en materia de sanidade en Lugo foron cuantiosas: apertura do HULA, obras de ampliación Hospital da Mariña, obras no Hospital de Monforte, entre outras.

Por outra banda, incrementouse o persoal de xeito moi importante, por exemplo, soamente no HULA en máis de 200 enfermeiras, que a día de hoxe están estabilizadas. Tamén reforzouse o persoal facultativo na maioría dos servizos do Hospital.

Incrementouse a carteira de servizos do HULA, con novas áreas de servizo como: Hemodinámica, Electrofisioloxía Cardíaca, Rehabilitación cardíaca, Medicina Nuclear, Radioterapia... Pero sobre todo, incrementouse a complexidade dos procesos asistenciais que fan todos os servizos.

O HULA ten creado dende o ano 2016 un Equipo de Ictus, previsto no Plan de Asistencia ao Ictus en Galicia e trátase dun grupo de profesionais que están formados por un grupo móbil interdisciplinario que traballa de forma conxunta para asegurar a mellor atención ao paciente en cada momento.

O número de profesionais que integran este equipo será diferente segundo o grao de complexidade do hospital, e a súa composición variará ao longo da enfermidade para adaptarse ás necesidades do paciente na fase aguda e durante o proceso de rehabilitación.

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 18:01:44

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:47
Nº Rexistro: 6829
Data envío: 23/12/2020 18:01:47.946

Neste hai un neurólogo responsable, experto en ictus, coordinando e dando apoio profesional nas diferentes fases da enfermidade.

Ao igual que en Monforte e Burela, no HULA atendese a patoloxía do Ictus, de acordo cos criterios establecidos no Plan Galego de asistencia o Ictus, dunha forma precoz e realizando lisis do trombo, mellorando dun xeito manifesto a efectividade no tratamento desta patoloxía.

Estase a traballar dun xeito integrado na mellora da atención dos pacientes neurolóxicos, mellorando a dotación de material e a atención continuada destes pacientes.

Tamén conta xa, o HULA, cunha garda de Neurocirurxía 24 horas, os 365 días do ano (garda localizada) e tamén conta con garda de neurocirurxía de presencia física.

No tratamento do ictus na fase aguda non interveñen os neurocirurxiáns.

O tratamento do ictus faise de acordo co establecido no Plan Galego do ictus, e aplícase nos tres hospitais de Lugo.

O Plan de Asistencia ao Ictus en Galicia xa está implantado por completo en Galicia dende o ano 2016**”**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:47
Nº Rexistro: 6829
Data envio: 23/12/2020 18:01:47.946

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:01:44**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:39
Nº Rexistro: 6828
Data envío: 23/12/2020 18:01:39.930
Data 23/12/2020 18:01

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1379**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar no concello da Pontenova, as razóns para non cubrir as baixas do persoal facultativo no centro de saúde e as previsións referidas á realización de modificacións nos seus recursos humanos"**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Desde o Servizo Galego de Saúde garante o mantemento da calidade asistencial que se presta no centro de saúde de A Pontenova, que conta cos servizos sanitarios de medicina xeral, enfermaría e servizos administrativos, entre outros.

O Servizo Galego de Saúde realizou unha reorganización dos recursos asistenciais asignados a este concello sen comprometer a calidade da asistencia sanitaria.

O concello de A Pontenova conta cunha poboación total de 2.131 habitantes. Descontada a poboación en idade pediátrica, conta cun total de 2.005 tarxetas sanitarias, que se distribúen entre os dous facultativos do centro de saúde.

O centro de saúde de A Pontenova contaba con tres facultativos de Medicina Familiar e Comunitaria, que tiñan asignadas un promedio de 664 tarxetas sanitarias cada un deles. Ademais, conta con servizo de enfermería (con dous profesionais) e cun auxiliar administrativo.

Trala xubilación dun dos profesionais que ocupaba unha das prazas de medicina de familia, levouse a cabo unha reordenación dos cupos médicos deste centro de saúde (substancialmente inferiores á maioría dos concellos de Galicia e mesmo da provincia de Lugo, e ao promedio que se considera adecuada, de 1.500 tarxetas sanitarias por facultativo).

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 18:01:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:39
Nº Rexistro: 6828
Data envío: 23/12/2020 18:01:39.930

O Centro de Saúde permaneceu cun solo profesional 1 día no mes de xullo e 4 días no mes de agosto.

Con carácter xeral as baixas cóbrense sempre que é posible".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:39
Nº Rexistro: 6828
Data envio: 23/12/2020 18:01:39.930

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:01:36**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:30
Nº Rexistro: 6827
Data envío: 23/12/2020 18:01:30.508
Data 23/12/2020 18:01

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1481**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego referidas á adopción de medidas nos ámbitos educativo e sanitario que eviten o posible colapso do medio rural coa chegada do inicio do curso escolar, diante da situación xerada pola pandemia da covid-19, así como as súas razóns para suprimir escolas unitarias e a grupar o alumnado nel durante a pandemia"**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A pediatría centralízase para dar un mellor servizo polo que un mesmo pediatra pode atender a un ou mais concellos xa que as necesidades non son as mesmas ao mudar a natalidade de xeito que, concellos rurais cunha alta natalidade no pasado, hoxe apenas teñen nacementos polo que tivéronse que facer reestruturacións neste ámbito e noutros .

En todo caso, sempre hai un pediatra de referencia que, xeralmente centralízase no centro de saúde con mais TIS pediátricas. Isto supón que o pediatra sempre está localizado no mesmo centro e durante toda a xornada laboral mentres que, cando hai itinerancia, os deprazamentos do mesmo dificultan a accesibilidade.

Destacar que os Médicos de familia que durante a súa formación MIR que dura 4 anos, fan estadías en pediatría e si que hai MF en todos os concellos rurais.

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 18:01:27

Todos os profesionais sanitarios teñen coñecementos sobre a infección polo virus SARS-COV-2 que pode producir a enfermidade COVID-19 e os protocolos para os profesionais de AP están dispoñibles na páxina web do SERGAS, polo tanto e aínda que se trata dunha pandemia tanto os médicos de familia coma os pediatras, están perfectamente preparados para atender a poboación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:30
Nº Rexistro: 6827
Data envio: 23/12/2020 18:01:30.508

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:01:27**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:21
Nº Rexistro: 6826
Data envío: 23/12/2020 18:01:21.930
Data 23/12/2020 18:01

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1517**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os datos referidos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas pola Axencia Galega de Infraestruturas ao Concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019 e durante a décima lexislatura"**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"En cumprimento da normativa vixente, os convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os distintos concellos galegos publícanse e pódense consultar en:

1 . Base de Datos Nacional de Subvencións (www.infosubvenciones.es)

2 . Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia ( https://convenios.xunta.gal)

3 . Diario Oficial de Galicia. En concreto, a Axencia Galega de Infraestruturas publicou nas seguintes datas no DOG os convenios subscritos na X lexislatura, isto é, entre o 21 de outubro de 2016 e o 10 de febreiro de 2020:

| | |
|---|---|
| Convenios terceiro cuadrimestre 2016 | DOG nº 31, do 14 de febreiro de 2017 |
| Convenios 2017 | DOG nº 105, do 5 de xuño de 2017<br>DOG nº 185, do 28 de setembro de 2017<br>DOG nº 25, do 5 de febreiro de 2018 |
| Convenios 2018 | DOG nº 105, do 4 de xuño de 2018<br>DOG nº 192, do 8 de outubro de 2018<br>DOG nº 32, do 14 de febreiro de 2019 |
| Convenios 2019 | DOG nº 99, do 27 de maio de 2019<br>DOG nº 195, do 14 de outubro de 2019<br>DOG nº 24, do 5 de febreiro de 2020 |
| Convenios primeiro cuadrimestre 2020 | DOG nº 100, do 26 de maio de 2020 |

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 18:01:18

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:21
Nº Rexistro: 6826
Data envío: 23/12/2020 18:01:21.930

Cómpre lembrar que o artigo 13 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, coa redacción establecida polo artigo 59 da Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, determina que a Xunta de Galicia establecerá medidas de fomento para as fusións de concellos, e expresamente recolle que a Administración Autonómica establecerá colaboracións económicas e técnicas cos concellos fusionados.

Así, indicar que o 10/01/2019 a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cerdedo-Cotobade subscribiron un convenio de colaboración para os traballos de redacción de proxecto e xestión de expedientes de expropiación do acondicionamento da estrada Cerdedo-Cotobade. Así mesmo, o 27/03/2020 subscribiuse o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e dito Concello para a construción dunha senda peonil na parroquia de Tenorio**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:21
Nº Rexistro: 6826
Data envio: 23/12/2020 18:01:21.930

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:01:18

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1523**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os datos re feridos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao Concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019 e durante a décima lexislatura"**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, ten asumida a competencia para xestionar o rexistro dos convenios que asine a Xunta de Galicia e as entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia. O Rexistro de Convenios regúlase polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo (DOG núm. 149, do 3 de agosto) e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), e pretende ser un elemento de mellora dos mecanismos de transparencia e publicidade das actuacións da Administración autonómica galega.

Nesta páxina https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estatistica/convenios/rexistro ponse a disposición da cidadanía a posibilidade de consultar a base de datos dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e polas entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia, tanto da presente lexislatura como de lexislaturas anteriores, motivo polo que se poden efectuar buscas dos convenios polos nomes das actuais consellerías ou polos de anteriores estruturas organizativas. Ademais o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (Diario Oficial de Galicia núm. 30, do 15 de febreiro) impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:14
Nº Rexistro: 6825
Data envío: 23/12/2020 18:01:14.149

publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos no cuadrimestre anterior, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio y setembro de cada ano. A publicación dos convenios dos últimos 2 cuadrimestres están publicadas no DOG mediante as seguintes resolucións:

• RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería durante o primeiro cuadrimestre do ano 2020 (DOG Núm. 203 Mércores, 7 de outubro de 2020 Páx. 38636)

• RESOLUCIÓN do 28 de setembro de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se lle dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería durante o segundo cuadrimestre do ano 2020 (DOG Núm. 203 Mércores, 7 de outubro de 2020 Páx. 38636). A próxima publicación dos convenios subscritos no terceiro cuadrimestre do año 2020 farase entre o 1 e 10 de xaneiro de 2021".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:14
Nº Rexistro: 6825
Data envio: 23/12/2020 18:01:14.149

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:01:10

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:06
Nº Rexistro: 6824
Data envío: 23/12/2020 18:01:06.352
Data 23/12/2020 18:01

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1578**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Manuel Antonio Lourenzo Sobral e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar a atención sanitaria que se está a prestar no concello de Soutomaior e na parroquia de Ponte Sampaio, no concello de Pontevedra"**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

**"**Os centros de saúde dótanse en función das necesidades e no ano 2019 a poboación de Soutomaior aumentou en 90 habitantes o que supón un incremento dun 1,23% respecto do ano anterior tendo unha poboación de 7.395 habitantes segundo datos INE malia o cal unicamente 5.661 teñen médico ou pediatra asignado no Concello xa que como saben existe libre elección de MF, Pediatra e enfermeiro polo que 2.834 o teñen noutro lado.
Actualmente no Concello prestan servizo 3 médicos de familia e un pediatra. O pediatra ten 861 TIS asignadas**".**
O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:01:06
Nº Rexistro: 6824
Data envío: 23/12/2020 18:01:06.352

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:01:02**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:57
Nº Rexistro: 6823
Data envío: 23/12/2020 18:00:57.727
Data 23/12/2020 18:00

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1653**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre **"os datos referidos ao material substraído no Hospital de Montecelo, en Pontevedra, e os procedementos iniciados pola Consellería de Sanidade ao respecto"**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O material subtraído foron equipos de endoscopias dixestivas (deunoscopios, colonoscopios, gastroscopios, ecoendoscopios, enteroscopios) así como compoñentes dunha torre de endoscopias (a fonte de luz e o videprocesador).

O valor do material subtraído valorouse inicialmente en 600.000 € a custes de compra, pero dado que parte do material xa tiña unha antigüidade entre 5 e 10 anos, o custo de reposición de prezos actuais é moi superior e ademais resulta oportuno e necesario implantar tecnoloxía máis avanzada, polo que estímase un custe de reposición de mais de 1 M€. No mesmo momento de detectarse o roubo trasladouse comunicación á Policía Nacional que iniciou a investigación de xeito urxente o mesmo domingo noite, incluso coa inspección da policía científica e con análise de pegadas. Así mesmo, iniciáronse os trámites de declaración de sinistro amparado na póliza de seguros da Xunta de Galicia. Nestes momentos non se dispón de mais información sobre as investigacións policiais. A situación estase a resolver sen practicamente incidencia na actividade asistencial**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 18:00:54

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:00:54**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:50
Nº Rexistro: 6822
Data envío: 23/12/2020 18:00:50.196
Data 23/12/2020 18:00

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1659**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado en que se atopa o proxecto de construción dun novo centro de saúde no concello de Antas de Ulla, o calendario e investimento previsto polo Goberno galego para a súa execución e mais o prazo estimado para a súa posta en funcionamento"**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O actual centro de saúde de Antas de Ulla, construído en 1982, ten moitas necesidades de espazo e de acondicionamento. A Área Sanitaria de Lugo fixo un Plan Funcional no que concluía que era preferible a construción dun novo edificio á reforma integral do actual, polo seu custe e polas dificultades derivadas de paralizar a actividade asistencial e trasladala a outro espazo durante as obras de reforma.

O Concello de Antas de Ulla manifestou estar disposto a poñer a disposición desta Consellería unha parcela para a construción deste novo centro. En consecuencia, asinamos, en febreiro de 2020, un protocolo de colaboración no que o concello se comprometía a achegar unha parcela axeitada para a construción do centro e o SERGAS a levar a cabo os trámites e as obras de construción unha vez recibida a dita parcela.

En agosto de 2020, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do SERGAS aprobou o Plan Funcional proposto pola Área Sanitaria de Lugo, que inclúe a ampliación dos espazos das consultas e a inclusión dunha sala polivalente que non existe no actual centro.

O pasado 27 de outubro, os técnicos do Servizo de Obras da Dirección Xeral de Recursos Económicos do SERGAS, acompañados polo Delegado da Xunta en Lugo inspeccionaron a parcela proposta polo Concello para comprobar que se axusta ás necesidades para a construción do edificio.

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Se a parcela é viable, Xunta e Concello asinarán proximamente o convenio para a construción do centro de saúde**”**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:50
Nº Rexistro: 6822
Data envío: 23/12/2020 18:00:50.196

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:00:47**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:42
Nº Rexistro: 6821
Data envío: 23/12/2020 18:00:42.993
Data 23/12/2020 18:00

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1666**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego en materia de persoal de infraestruturas para garantir unha atención sanitaria digna á veciñanza do concello do Grove"**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

**"**O Concello do Grove carece de Plan Xeral de ordenación municipal.
Desde fai mais de 20 anos contemplase a posibilidade de construír un novo centro de saúde solicitando ao concello en reiteradas ocasións un terreo viable. O concello chegou a poñer a disposición do Servizo Galego de Saúde unha parcela e a iniciar a tramitación do planeamento necesario pero non chegou a aprobar este planeamento urbanístico polo que a parcela non era viable para a construción do novo centro de saúde.
A Tesourería Xeral da Seguridade Social o 14 de novembro de 2018 cedeu unha superficie para a ampliación do centro actual. Estudouse a posible ampliación pero sería excesivamente custosa e sería imposible garantir o cumprimento da normativa de accesibilidade ao centro. Polo tanto retomouse a ide de facer un novo centro de saúde solicitando no mes de setembro de 2019 que a oficina de urbanismo do concello estude a ubicación dunha parcela para a construción dun novo centro de saúde**".**
O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 18:00:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:42
Nº Rexistro: 6821
Data envio: 23/12/2020 18:00:42.993

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:00:39**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:34
Nº Rexistro: 6820
Data envío: 23/12/2020 18:00:34.821

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1688**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o plan de continxencias elaborado polo Goberno galego para evitar a saturación dos servizos sanitarios a consecuencia dos gromos de gripe e de enfermidades respiratorias, así como dos contaxios pola covid-19"**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Remitímonos á resposta do Conselleiro de Sanidade á Interpelación número 1.420 que tivo lugar no pleno do 22 de setembro de 2020.

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2020-09-22?part=8677cdc2-b6da-4fd1-bf8f-379344aea5e4&start=3001 ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 18:00:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:34
Nº Rexistro: 6820
Data envio: 23/12/2020 18:00:34.821

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:00:31**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:26
Nº Rexistro: 6819
Data envío: 23/12/2020 18:00:26.399

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1691**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as mais, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar o problema da carencia de sala de espera no Centro de Saúde de Carballedo, no concello de Cerdedo-Cotobade, e as razóns da demora na habilitación dun espazo para ese fin"**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Centro de Saúde de Carballedo conta cunha sala de espera con 8 cadeiras habilitadas dentro das bancadas para espera de pacientes, separadas máis de 1,5 m, cumprindo todas a medidas de seguridade necesarias para a súa actividade.

O centro conta, así mesmo, cun aparcadoiro para os usuarios e unha praza de ambulancias.

Unha das medidas de seguridade para previr a transmisión do coronavirus é o mantemento da distancia. Os centros sanitarios deben adaptarse a esta situación, sería difícil de explicar que sanidade non cumpra as súas propias normas.

Estamos traballando para que a actividade nos centros de saúde sexa nunha alta porcentaxe programada, é dicir, por parte do cidadán se estableza un contacto previo co centro co fin de que se programa ben unha cita telefónica ou ben unha cita presencial. Tan so as urxencias non requirirán este xeito de proceder, senón como é lóxico, acudan directamente a o centro de saúde.

Esta organización da actividade asistencial de atención primaria, permite que se eviten as aglomeracións polo que se minimizan os riscos de contaxio nas salas de espera dos centros. O filtrado telefónico previo á atención presencial, establece a cita presencial programada no centro a distintos horarios coa recomendación aos

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
23/12/2020 18:00:23

pacientes que acudan á hora que lle corresponda, de forma que se evitan as aglomeracións e o risco de transmisión do coronavirus".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:00:23**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:18
Nº Rexistro: 6818
Data envío: 23/12/2020 18:00:18.743
Data 23/12/2020 18:00

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1725**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"as razóns do Sergas para non contar cun protocolo único de transparencia para informar respecto da evolución da covid-19 nas diferentes áreas sanitarias e para non facilitar os datos desagregados dos contaxios por concellos, e a xestión da Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra-O Salnés ao respecto"**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Servizo Galego de Saúde conta cun protocolo único respecto á información sobre a evolución epidemiolóxica en cada Área Sanitaria.

Diariamente publícase a seguinte información:

1) Número de casos activos. Este dato permite coñecer a evolución diaria da situación epidemiolóxica en cada Área Sanitaria en canto a número de casos COVID.

2) Número de pacientes activos hospitalizados. Este dato, no que se diferencian pacientes COVID ingresados en plantas convencionais de hospitalización e pacientes COVID ingresados en unidades de coidados críticos, permiten coñecer á cidadanía a presión que a pandemia provoca no sistema sanitario público de Galicia.

3) Número de pacientes activos con seguimento en domicilio. Este dato permite coñecer en certa forma a gravidade da situación, posto que en base a este dato a cidadanía coñece o volume de casos asintomáticos ou con síntomas menores que non precisan ingreso hospitalario.

4) Finalmente, proporciónase diariamente un dato moi importante, o número de probas PCR que se realizan.

No Consello da Xunta do 8 de outubro de 2020 aprobouse a mellora do portal web de información sobre a covid-19.

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 18:00:15

Desde o Servizo Galego de Saúde sempre se informou de gromos cun volume importante de casos e, polo tanto, cun impacto social de releve. Consideramos que non aporta vantaxe ningunha, nin sanitaria, nin social nin informativamente, informar sobre brotes cun número de casos moi reducido, autolimitado e baixo control que en moitos casos afecta a unha familia concreta.

Por suposto que a COVID representa o contaxio entre persoas dunha comunidade. Posiblemente a pregunta se refire a se existe transmisión comunitaria. Ata o momento unha alta porcentaxe de casos se agrupan en abrochos e un alto número de novos casos positivos son persoas detectadas como contactos estreitos de casos positivos.

Naturalmente canto maior é o número de casos activos máis risco hai de que esta situación poida cambiar. Por este motivo, e cando os técnicos consideran que esta situación pode estar próxima, é cando se toma a decisión de restrinxir determinadas actividades nun concello ou nunha comarca.

Debemos aclarar que existe un protocolo de investigación e seguimento de abrochos no que se definen unha serie de indicadores que permiten clasificar un abrocho en tres categorías: risco baixo, risco medio e risco alto.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, das Xefaturas Territoriais de Sanidade e as Áreas Sanitarias, fan un seguimento de cada abrocho.

A situación dun abrocho non é lineal, polo que se debe valorar á evolución ao longo dun certo período de tempo para que no momento en que o risco se eleva proceder a tomar decisións sobre restrición de actividade que aminoran a transmisión do virus".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:18
Nº Rexistro: 6818
Data envío: 23/12/2020 18:00:18.743

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:00:15**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:10
Nº Rexistro: 6817
Data envío: 23/12/2020 18:00:10.337
Data 23/12/2020 18:00

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1758**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre **"a opinión do Sergas referida á posibilidade de mellorar o tratamento dos doentes coa enfermidade pulmonar obstrutiva crónica e as previsións ao respecto"**, (publicada no BOPG número 20 do 23 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC) é una enfermidade complexa que presenta unha grande heteroxeneidade clínica, polo que o seu tratamento débese individualizar.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, os tratamentos farmacolóxicos da EPOC están dispoñibles na base de datos para a súa prescrición electrónica de xeito inmediato a súa inclusión na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Salud.

A decisión do financiamento dun medicamento dentro do Sistema Nacional de Saúde non é competencia das Comunidades Autónomas, senón do *Ministerio de Sanidade*, pero si é competencia das mesmas, velar pola súa aplicación no seu territorio, segundo o disposto no texto refundido da *Ley de garantías y uso racional de medicamentos y produtos sanitarios, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2015, de 24 de julio*.

Aínda que a EPOC non é unha enfermidade curable, a deshabituación do consumo de tabaco é a medida mais eficaz para previr e frear a súa progresión.

Neste senso indicar que a DX de Saúde Pública puxo en marcha un 'Programa e apoio á cesación tabáquica', para promover e axudar aos pacientes a deixar de fumar e acompañalos no seu proceso de abandono, facendo posible o financiamento en Galicia dos medicamentos Zyntabac® (Bupropión) e o Champix® (Vareniclina), medicamentos de primeira elección para a cesación tabáquica.



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 18:00:06

Este programa inclúe unha 'Guía breve para o profesional sanitario' e uns documentos para os pacientes con 'Axudas, consellos e accións' para deixar de fumar e non recaer no hábito tabáquico, que están dispoñibles na páxina web do SERGAS a través do seguinte enlace: https://www.sergas.es/Saude-publica/Programa-apoio-cesacion-tabáquica

O Sergas desde fai anos ten un compromiso coa EPOC que queda patente nas seguintes actuacións:

A ESTRATEXIA SERGAS 2014, fai fincapé na atención a xestión integrada das enfermidades crónicas baixo un enfoque de xestión por procesos, e que se veu reflectido na realización do 'Documento organizativo da enfermidade pulmonar obstrutiva crónica. EPOC' e dos 'Subprocesos ou itinerarios asistenciais da enfermidade pulmonar obstrutiva crónica. EPOC'.

PLAN DE PRIORIDADES SANITARIAS 2011-2014

Dentro das 8 patoloxías seleccionadas como prioridade sanitarias encontramos a EPOC como unha de elas. As actividades presentadas con respecto a este problema ian enfocadas a: procurar o diagnóstico precoz, mellorar e previr as complicacións dos pacientes, mellorar a atención ao paciente, mellorar os autocoidados dos pacientes, mellorar a calidade da atención ao paciente crónico con exacerbación , mellorar a atención dos pacientes con EPOC avanzada, mellorar o coñecemento científico sobre a enfermidade.

De todas elas destacar a posta en marcha da e-interconsulta entre atención primaria e os Servizos de Pneumoloxía de todas as Áreas Sanitarias de Galicia.

ESTRATEXIA SERGAS 2020

No apartado de Integración da información non estruturada ponse en marcha o desenvolvemento do sistema informático Hexín, para obter información dos textos incluídos en IANUS. O proxecto iníciase con EPOC, diabetes, pluripatolóxicos, enfermidades raras e infección nosocomial.

Con respecto a *ESTRATEXIA en EPOC do Sistema Nacional de Salud,* a nosa Comunidade Autónoma integrouse no desenvolvemento das liñas estratéxicas con distinta actividades:



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:10
Nº Rexistro: 6817
Data envío: 23/12/2020 18:00:10.337

Durante os anos 2010, 2011,2012, 2013 e 2014 realizáronse edicións, en todas as Áreas Sanitarias de Galicia, do 'Curso de espirometría para Atención Primaria', acreditado con 13,2 créditos polo sistema acreditador de formación continuada das profesións sanitarias da CCAA de Galicia.

Realizouse a compra e distribución de espirómetros para a totalidade dos centros de saúde da nosa Comunidade.

Posta en marcha de Teleasistencia para EPOC, en principio como parte do estudio Europeo *'United4Health'* e que mereceu a cualificación de '*Buena práctica del Sistema Nacional de Salud en la Estrategia de EPOC', e foi merecedor do premio a nivel Europeo Procura+Awards 2016. Innovation procurement of the year. Runner up: Galician Public Health Authority*.

A partir de esta iniciativa desenvolveuse a plataforma TELEA de asistencia telemática que actualmente integra 18 perfiles de teleasistencia, entre os que está incluído o protocolo de EPOC.

Durante a actual pandemia, compráronse 5.000 pulsioxímetros e se puxeron en marcha dous novos protocolos na plataforma TELEA para o control da pandemia de COVID-19.

O Sergas seguirá a realizar todas as actuacións xa implementadas, e a desenvolver ou levar a cabo outras novas para seguir mellorando no vindeiro tempo a atención sanitaria a pacientes con EPOC.

O número de espirómetros de que dispoñen os 142 Servizos de Atención Primaria é de 234. Como é fácil de observar, máis de 100 SAP dispoñen de dous espirómetros. O número de espirómetros nos centros de saúde de Galicia é o adecuado para as necesidades da poboación.

En relación aos nebulizadores, podemos confirmar que en cada centro de atención primaria existe un sistema de nebulización para as necesidades asistenciais que se precisen.

Está previsto realizar unha formación para os fisioterapeutas de atención primaria para



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

incorporar a fisioterapia respiratoria dentro da carteira de servizos dos centros de saúde. En relación coa incorporación de fisioterapia nos centros de saúde, estase incorporando este profesional por parte do Servizo Galego de Saúde, de forma que se incrementou substancialmente o número de fisioterapeutas contratados polo Servizo Galego de Saúde, permitindo incorporar salas de fisioterapia nos centros de nova apertura como o Centro de Saúde de Tenorio, por exemplo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:10
Nº Rexistro: 6817
Data envio: 23/12/2020 18:00:10.337

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 18:00:06

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:00
Nº Rexistro: 6816
Data envío: 23/12/2020 18:00:00.524
Data 23/12/2020 17:59

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1860**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o funcionamento do servizo de atención ás emerxencias sanitarias no caso do atropelo sufrido o día 12 de setembro de 2020 por unha veciña na localidade de Sarria, así como a opinión doo Goberno galego respecto da suficiencia na comarca dos servizos sanitarios e dos medios para a aten ción das emerxencias sanitarias que hai"**, (publicada no BOPG número 20 do 23 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, co obxectivo de dimensionar á Rede de Transporte Sanitario Urxente, realiza estudos de maneira continua. Estes estudos teñen como finalidade a mellora da asistencia sanitaria urxente ao conxunto da poboación galega e contemplan a análise de múltiples factores, variacións demográficas, variacións das demandas sanitarias, tempos de resposta, distancias aos centros sanitarios, así coma as necesidades e actividades das diferentes comarcas e concellos da nosa Comunidade Autónoma.

As variacións no número de recursos o no tipo de recursos, fanse de acordo a esta avaliación continua das necesidades da poboación, co obxectivo de garantir a accesibilidade, a equidade, a eficiencia e a sostibilidade dunha asistencia sanitaria urxente e de máxima calidade ao conxunto da poboación.

A Comarca de Sarria, cunha poboación de 22.569 perdoas (INE a 1 de xaneiro de 2019), dispón na actualidade dos seguintes recursos:

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:59:57

• PAC de Sarria: En horario de atención continuada

• Os Centros de Saúde do Incio, de Láncara, de Paradela, de O Páramo, de Samos e de Triacastela con horario de luns a venres de 08.00 h ata 15.00 h.

Recursos pertencentes a Rede de Transporte Sanitario Urxente Galicia-061:

• 2 helicópteros sanitarios (HS-SVA) dotados de persoal sanitario (persoal facultativo e de enfermaría), un con base en Santiago e outro con base en Ourense.

• 2 ambulancias asistencias de soporte vital avanzado (AA-SVA) dotadas de persoal sanitario (persoal facultativo e de enfermaría), unha con base en Monforte de Lemos e outra con base en Lugo.

• Ambulancia asistencial de soporte vital básico (AA-SVB) con base en Sarria (A-877) con zona preferente de cobertura os concellos de O Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Samos, Sarria e Triacastela.

• AA-SVB pertencente a RTSUG-061 con base en O Corgo con zona de cobertura de determinadas parroquias de Láncara, e determinadas parroquias de O Páramo.

Os estudos realizados pola FPUSG-061 nos anos 2018 e 2019 para o Concello de Sarria, non reflicten un aumento da demanda, nin no que respecta ao número de servizos realizados, nin no tempo de resposta ás emerxencias, situándose o número de mobilizacións da ambulancia de Sarria en torno ás 6,4 diarias. No que levamos do ano 2020, a media de mobilizacións da ambulancia de Sarria presenta unha situación similar a dos anos 2018 e 2019.

Por outra banda, o tempo medio de asistencia ás emerxencias no Concello de Sarria é de 10 minutos, tanto nos anos previos como no que vai deste ano.

As explotacións de datos relativas ao Concello de Sarria, indican que foi necesaria a mobilización dunha ambulancia da rede de transporte sanitario urxente FPUSG-061 en 1.743 ocasións durante o ano 2019 (unha media de 4,7 diarias) e no que levamos de ano, un total de 1.194 (unha media de 4,4 ao día).

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:00
Nº Rexistro: 6816
Data envio: 23/12/2020 18:00:00.524

Neste mesmo senso, os informes relativos aos distintos concellos da Comarca de Sarria, reflicten que non existe un incremento de mobilizacións respecto a anos anteriores, motivo polo cal, non parece xustificable un aumento dos recursos na zona.

Asemade, hai que por de manifesto, que o profesional que atende a solicitude de asistencia médica urxente, é un sanitario formado en medicina de emerxencias e en consulta médica telefónica urxente. En todo momento se seguen escrupulosamente os protocolos de atención a unha persoa coa patoloxía presentada, facéndose unha adecuada valoración médica, facilitando as recomendacións necesarias ata a chegada do recurso e levando a cabo un seguimento da emerxencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 18:00:00
Nº Rexistro: 6816
Data envio: 23/12/2020 18:00:00.524

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:59:57**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:52
Nº Rexistro: 6815
Data envío: 23/12/2020 17:59:52.837
Data 23/12/2020 17:59

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2005**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"as previsións do Goberno galego referidas ao posible recorte de servizos, que na actualidade realizan as ambulancias, no novo concurso para a prestación do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente e, en particular, ao establecemento da posibilidade de realizar traslados para diálise, de terminados tratamentos e/ou rehabilitacións en taxis e/ou vehículos de transporte con condutor (VTC)"**, (publicada no BOPG número 20 do 23 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O actual concurso do transporte sanitario non urxente está en fase de prórroga por interese público dende o pasado mes de agosto de 2020, no momento actual a Consellería de Sanidade está a elaborar os pregos de condicións tanto administrativas como técnicas que serán públicas nos vindeiros meses.

No relativo as condicións técnicas económicas dos vindeiros pregos, a Consellería de Sanidade está a traballar nun novo concurso adaptado ás necesidades dos pacientes que son usuarios habituais das ambulancias do transporte programado non urxente, coa intención de continuar a prestar un servizo de calidade como o que actualmente se ven a prestar.

O transporte de pacientes nas ambulancias pertence ao concurso do programado, é unha actividade esencial que forma parte dos moitos servizos

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:59:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:52
Nº Rexistro: 6815
Data envío: 23/12/2020 17:59:52.837

de calidade que está a prestar o Goberno galego a través da  Consellería de Sanidade.

Os pacientes, que segundo criterios médicos se benefician deste servizo, son os principais receptores dun servizo desenvolvido por profesionais coa formación necesaria e os vehículos adaptados as súas necesidades, como os que prestan e prestarán servizo dentro do contrato de transporte sanitario non urxente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:52
Nº Rexistro: 6815
Data envio: 23/12/2020 17:59:52.837

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:59:49

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:45
Nº Rexistro: 6814
Data envio: 23/12/2020 17:59:45.462
Data 23/12/2020 17:59

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2103**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria prestada á veciñanza do concello de Meis durante os meses de verán, así como as súas previsións referidas á resolución das carencias de persoal nos centros sanitarios."**, (publicada no BOPG número 20 do 23 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Concello de Meis consta de tres consultorios unitarios dispersos entre sí cunha media de 1289 TIS por cupo. O centro de Paradela tivo que ser pechado ao inicio da pandemia por dous motivos principais; o non cumprimento das medidas de protección para minimizar ao máximo o risco de contaxio e por un tema de saúde laboral dun profesional.

Como saben, os consultorios do Concello de Meis, pertencen ao Servizo de Atención Primaria de Cambados (xunto con outros Concellos), que é onde está o PAC e tamén onde ata o mes de setembro estivo o médico do consultorio de Paradela. Tanto no CS de Cambados como no consultorio de Mosteiro atendéronse aos pacientes que o precisaron durante todo o verán.

A partir do mes de outubro, tras facer unha nova avaliación da situación, o médico do Consultorio de Paradela pasará a estar no Centro de Saúde de Mosteiro para evitar situacións de sobrecarga nun só facultativo.

Referente á pediatría, a profesional atende a dous cupos, Meis (347 TIS) e Meaño (460 TIS), ata o inicio da pandemia acudía itinerante aos dous concellos todos os días, sen dar cobertura completa na xornada.

Polo que, ante a necesidade de ter espazos baleiros nos centros para transformar no que coñecemos como 'salas de illamento' e o risco que supón para o traballador a

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:59:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:45
Nº Rexistro: 6814
Data envío: 23/12/2020 17:59:45.462

itinerancia diaria decidimos reagrupala nun equipo de pediatría completo no Centro de Saúde de Baltar. Onde reforza a actividade diaria e dá cobertura de 8-15h todos os días. Ao integrala nun equipo con dous pediatras máis asegúranos que nunca van quedar sin asistencia pediátrica os nenos de Meis e Meaño, xa que, en ausencia dun integrante do equipo, está outro.

Respecto ao problema de falta de persoal queremos sinalar:

- que en período de vacacións e de concentración de permisos, no sistema sanitario auséntanse entre un 25 e un 33% dos profesionais, ao que temos que sumar diversos permisos e baixas laborais

- como é ben coñecido a nivel de todas as comunidades autónomas as categorías de medicina familiar e comunitaria e de pediatría de atención primaria son enormemente deficitarias e incluso de paro cero

Estas dúas situacións descritas anteriormente, supoñen unha importante dificultade para a cobertura de ausencias, sobre todo en períodos de verán e fin de ano. Non obstante, a Xunta de Galicia tomou xa algunhas medidas para paliar esta situación, concretamente solicitou ao Ministerio de Sanidade un incremento de prazas acreditadas para formación de pediatras e de médicos de familia, solicitude que foi atendida, de maneira que na actualidade Galicia forma anualmente 27 pediatras (incremento de 7) e uns 135 médicos de familia (incremento de 30).

Pola nosa parte estamos traballando de xeito permanente co fin de garantir o mantemento da cobertura sanitaria a toda a poboación, incrementando a atención programada nos centros de saúde, evitando que se produzan aglomeracións nas salas de espera e mellorando a capacidade de acceso telefónico dos cidadáns aos centros sanitarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:45
Nº Rexistro: 6814
Data envio: 23/12/2020 17:59:45.462

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:59:42**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:37
Nº Rexistro: 6813
Data envío: 23/12/2020 17:59:37.977
Data 23/12/2020 17:59

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2155**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo-A Mariña-Monforte para acordar a centralización no Centro de Saúde de Fingoi da atención sanitaria que se presta no concello de Lugo os sábados pola mañá, o alcance temporal e os obxectivos desta decisión, así como a valoración da súa posible rectificación"**, (publicada no BOPG número 24 do 1 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Servizo Galego de Saúde concentrou no centro de saúde de Fingoi toda a actividade de medicina xeral e pediatría dos sábados pola mañá que ten lugar na cidade de Lugo. Esta iniciativa pretende concentrar nun único punto físico a actividade asistencial e recursos humanos que ata o de agora se repartían nas mañás dos sábados nos seis centros de saúde do municipio e que, a partir de do mes setembro se ubicaron no centro de saúde de Fingoi.

No centro de saúde de Fingoi tamén xa se atopa ubicado o Punto de Atención Continuada (PAC) de Lugo.

Esta medida reorganizativa afecta á actividade de medicina familiar que se atendía os sábados pola mañá en horario de 8 a 15 horas nos centros de saúde do concello de Lugo (centro de saúde de Fingoi, Illas Canarias, A Milagrosa, Praza de Ferrol, Sagrado Corazón e San Roque), así como á actividade de pediatría da quenda da mañá do sábado, que pasará de desenvolverse no centro de saúde da Praza do Ferrol a ser atendida no de Fingoi.

A decisión de concentrar nun único centro de saúde a actividade de medicina xeral e pediatría dos sábados pola mañá procura evitar a dispersión dos recursos para a atención ordinaria que ten lugar na mañá dos sábados e que ata o de agora estaba repartida nos distintos centros de saúde da cidade de Lugo.

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A concentración nun único punto físico de toda a actividade de medicina xeral e pediatría dos sábados pola mañá non supón unha redución de efectivos, senón que os usuarios destes centros de saúde serán atendidos no centro de saúde de Fingoi cos mesmos recursos humanos, materiais e equipos sanitarios cos que contaban no seu centro de saúde de referencia, coa salvidade de que todos eles serán atendidos nas dependencias do centro de saúde de Fingoi, un dos máis grandes da cidade e onde se levará a cabo a actividade nas mañás dos sábados.

Esta medida pretende mellorar a calidade da atención sanitaria que se presta a todos eles, ofrecéndolles aos usuarios os mesmos servizos e mellores recursos para a súa atención médica e de pediatría**”**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:37
Nº Rexistro: 6813
Data envio: 23/12/2020 17:59:37.977

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:59:35**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:30
Nº Rexistro: 6812
Data envío: 23/12/2020 17:59:30.368
Data 23/12/2020 17:59

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2184**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as demandas que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reposición e o aumento das liñas de conexión ferroviaria en Galicia, así como sobre a transferencia das competencias en materia ferroviaria para o d esenvolvemento dun tren galego de proximidade e as actuacións levadas a cabo nos últimos dez anos para mellorar a situación dos servizos fer roviarios en Galicia"**, (publicada no BOPG número 24 do 1 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia ten solicitado en repetidas ocasións e por diversos medios ao Goberno de España o restablecemento de todos os servizos de tren que suprimiu amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto no que atinxe ás conexións interiores como ás conexións de Galicia con outras Comunidades Autónomas, e mesmo con Portugal.

A demanda do restablecemento de servizos, tanto no que respecta ás frecuencias como aos traxectos, foi sempre acompañada pola petición de melloras nas infraestruturas, no material rodante, así como na dotación e mantemento do persoal necesario.

A Xunta de Galicia traslada puntualmente e reitera cada vez que ten ocasión ás autoridades competentes do Goberno español todos e cada un dos acordos

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:59:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:30
Nº Rexistro: 6812
Data envío: 23/12/2020 17:59:30.368

aos que en materia ferroviaria se chega no Parlamento de Galicia para o coñecemento e o seu debido cumprimento".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:30
Nº Rexistro: 6812
Data envio: 23/12/2020 17:59:30.368

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:59:27

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:22
Nº Rexistro: 6811
Data envío: 23/12/2020 17:59:22.868
Data 23/12/2020 17:59

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2235**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os criterios seguidos polo Goberno galego para a distribución dos fondos do Plan Hurbe en colaboración coas entidades locais e a elección dos concellos para o asinamento dos convenios para o financiamento de obras en m ateria de urbanismo, así como as súas previsións respecto da realización de convocatorias públicas para ese fin"**, (publicada no BOPG número 24 do 1 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 8 de outubro de 2020 pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Dª. Encarnación Rivas Díaz, en resposta á pregunta oral 2236.

Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre este programa, os convenios asinados cos concellos e os criterios empregados.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 8 de outubro de 2020:

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:22
Nº Rexistro: 6811
Data envío: 23/12/2020 17:59:22.868

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2020-10-08?part=0f8b6acb-353f-43a8-b138-4302f90c15b3&start=2937".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:22
Nº Rexistro: 6811
Data envio: 23/12/2020 17:59:22.868

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:59:19**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:14
Nº Rexistro: 6810
Data envío: 23/12/2020 17:59:14.602
Data 23/12/2020 17:59

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2240**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a existencia dun protocolo de funcionamento do Centro de Saúde de Fingoi que garanta a atención diferenciada aos pacientes con covid-19 ou sospeitosos de tela, a dota ción de recursos materiais implementada nel para o acollemento da concentración, os sábados pola mañá, da asistencia sanitaria de toda a cidade de Lugo e os informes que avalan esa concentración"**, (publicada no BOPG número 24 do 1 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Servizo Galego de Saúde concentrou no centro de saúde de Fingoi toda a actividade de medicina xeral e pediatría dos sábados pola mañá que ten lugar na cidade de Lugo. Esta iniciativa pretende concentrar nun único punto físico a actividade asistencial e recursos humanos que ata o de agora se repartían nas mañás dos sábados nos seis centros de saúde do municipio e que, a partir de do mes setembro se ubicaron no centro de saúde de Fingoi.

No centro de saúde de Fingoi tamén xa se atopa ubicado o Punto de Atención Continuada (PAC) de Lugo.

Esta medida reorganizativa afecta á actividade de medicina familiar que se atendía os sábados pola mañá en horario de 8 a 15 horas nos centros de saúde do concello de Lugo (centro de saúde de Fingoi, Illas Canarias, A Milagrosa, Praza de Ferrol, Sagrado Corazón e San Roque), así como á actividade de pediatría da quenda da mañá do sábado, que pasará de desenvolverse no centro de saúde da Praza do Ferrol a ser atendida no de Fingoi.

A decisión de concentrar nun único centro de saúde a actividade de medicina xeral e pediatría dos sábados pola mañá procura evitar a dispersión dos recursos para a atención ordinaria que ten lugar na mañá dos sábados e que ata o de agora estaba repartida nos distintos centros de saúde da cidade de Lugo.

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:59:11

A concentración nun único punto físico de toda a actividade de medicina xeral e pediatría dos sábados pola mañá non supón unha redución de efectivos, senón que os usuarios destes centros de saúde serán atendidos no centro de saúde de Fingoi cos mesmos recursos humanos, materiais e equipos sanitarios cos que contaban no seu centro de saúde de referencia, coa salvidade de que todos eles serán atendidos nas dependencias do centro de saúde de Fingoi, un dos máis grandes da cidade e onde se levará a cabo a actividade nas mañás dos sábados.

Esta medida pretende mellorar a calidade da atención sanitaria que se presta a todos eles, ofrecéndolles aos usuarios os mesmos servizos e mellores recursos para a súa atención médica e de pediatría".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:14
Nº Rexistro: 6810
Data envio: 23/12/2020 17:59:14.602

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:59:11

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:07
Nº Rexistro: 6809
Data envío: 23/12/2020 17:59:07.602
Data 23/12/2020 17:59

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2283**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"as actuacións e o cronograma previsto polo Goberno galego para activar a atención presencial e rematar coas listas de espera na Atención Primaria e a realización dalgunha análise das consecuencias para a poboación das restricións de acceso aos centros de saúde, así como o coñecemento da situación xerada no Centro de Saúde e PAC de Cambre"**, (publicada no BOPG número 24 do 1 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia conta co Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 aprobado polo Consello da Xunta e que xa está en desenvolvemento, que consta de 7 liñas estratéxicas, 52 obxectivos e 200 accións e que conta cun orzamento específico de máis de 102 millóns de euros e inclúe a creación de 331 novas prazas en categorías de atención primaria.

Este Plan recolle, na súa primeira liña estratéxica, a 'Dotación de Recursos Humanos de Atención Primaria, adaptando o número de prazas ás características epidemiolóxicas e demográficas'.

En resposta a este compromiso, no mes de agosto de 2019, creáronse 20 novas prazas de médico de familia e 45 novas prazas de enfermería en Atención Primaria. Ademais, durante o 2019 incorporáronse 249 médicos titulares de AP.

Hai que precisar que a atención presencial mantívose sempre, en todos os centros de atención primaria, pero, con motivo da pandemia, introduciuse unha valoración, a través dunha chamada telefónica, da necesidade da consulta presencial. Unha medida razoable e de prudencia que non foi exclusiva de Galicia senón común nas comunidades autónomas.

Esta cita telefónica previa permite detectar as persoas con sintomatoloxía compatible con infección por Covid19, e facilita a detección precoz, e diminúe o risco de transmisión secundaria.

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:59:04

No momento actual estamos a pasar por unha segunda onda da pandemia, e polo tanto faise imprescindible que as persoas con sintomatoloxía compatible con COVID-19 deixen de circular, e unicamente acudan aos centros sanitarios para atención presencial só cando sexa necesario, garantindo sempre as condicións de seguridade para pacientes e profesionais.

Estamos nun momento de transición no que a atención telefónica debe deixar de ser esa 'inmensa maioría' da prestación sanitaria e camiñar cara un carácter máis complementario, aínda que manteña con toda seguridade un protagonismo maior que antes da pandemia.

Nese sentido, o SERGAS activou un Plan de reactivación asistencial en atención primaria que recolle que a citación de pacientes se axustará a unha cadencia que minimice as concentracións de persoas, tanto nas salas de espera como nos medios de transporte público.

Tamén recolle a potenciación da consulta telefónica e a atención proactiva a domicilio. Para iso dotouse aos centros de medios de transporte, de forma que os profesionais sanitarios atendan sen demora no seu domicilio ás persoas que o precisen, sempre que teñan dificultades para desprazarse por motivos clínicos.

Efectivamente, no Centro de Saúde de Cambre téñense producido acúmulos fora do centro de saúde a hora de acceder ás analíticas xa que ao non respectar os horarios de citas fai que se concentren persoas á mesma hora para ás extraccións polo que se lles pide que garden as distancias interpersoais. Tamén é importante incidir que sempre que ás circunstancias meteorolóxicas o permitan son mais seguros os espazos abertos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:07
Nº Rexistro: 6809
Data envio: 23/12/2020 17:59:07.602

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:59:04**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:00
Nº Rexistro: 6808
Data envío: 23/12/2020 17:59:00.055
Data 23/12/2020 17:58

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2407**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para corrixir as deficiencias que presenta a atención de cirurxía pediátrica que se está a prestar en Ourense e as súas intencións respecto da rectificación da decisión de unificar a que se viña prestando nas áreas de Vigo e Ourense"**, (publicada no BOPG número 24 do 1 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Servizo de Cirurxía Pediátrica do CHUO está a funcionar con total normalidade dando resposta ás necesidades dos nenos e nenas da provincia tanto en consultas externas como en quirófano.

No ano 2019 o número de intervencións realizadas foi de 158, mentres que no ano 2020, e a pesar da redución da actividade programada demorable nos meses de marzo, abril e maio por mor da pandemia e pola minimización dos riscos en patoloxía aprazable, temos que indicar que con datos pechados a setembro, realizáronse xa 131 intervencións, o que dá mostra da recuperación durante o período estival das sesións adiadas na primavera.

Indicar tamén que en consultas externas, a actividade realizada no que vai de 2020, con datos pechados a 30 de setembro, é de 579**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:58:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:59:00
Nº Rexistro: 6808
Data envío: 23/12/2020 17:59:00.055

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:58:57

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:45
Nº Rexistro: 6806
Data envío: 23/12/2020 17:58:45.071
Data 23/12/2020 17:58

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2527**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para garantir os dereitos do alumnado de bacharelato afectado polas modificacións horarias establecidas nos centros educativos de educación secundaria de Lugo, con motivo da covid-19"**, (publicada no BOPG número 28 do 9 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

**"**A Xunta de Galicia adoptou medidas para solucionar este problema de xeito practicamente inmediato. Desde o 13 de outubro adaptáronse os horarios de varias liñas de autobús de titularidade autonómica para facilitar os desprazamentos do alumnado que pertence a varios dos concellos da contorna de Lugo e que están matriculados en institutos da cidade de Lugo e teñen que asistir ás clases en horario de tarde. En concreto, modificáronse 5 contratos de transporte regular para adaptalos ás entradas e saídas das clases que se imparten en horario de tarde nos Institutos de Educación Secundaria Sanxillao, Nosa Señora dos Ollos Grandes e Lucus Augusti**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:58:41

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:58:41

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:37
Nº Rexistro: 6805
Data envío: 23/12/2020 17:58:37.540
Data 23/12/2020 17:58

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2721**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto das medidas necesarias para mellorar a capacidade asistencial do centro de saúde e do PAC do concello da Guarda, así como a valoración que fai da situación na que se atopa a asistencia sanitaria en atención primaria nese concello e no conxunto da c omarca do Baixo Miño"**, (publicada no BOPG número 28 do 9 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O centro de saúde da Guarda atende a unha poboación de 15.111 habitantes, dos cales 1.600 atópanse en idade pediatra.

O cadro de persoal do centro de saúde esta formada por 8 médicos de familia, 2 pediatras, 9 enfermeiras/os, categorías que nos últimos tempos son deficitarias, é dicir non se dispón de substitutos en listas de contratación para cubrir as ausencias programadas ou imprevistas.
A xornada de centro de saúde organízase en quenda de mañá e tarde, en quendas deslizantes dos profesionais, para unha dotación de 5 médicos de mañá e 3 tarde.

Durante este último ano, no centro de saúde da Guarda concorreron ausencias por incapacidades temporais dos profesionais ou permisos de conciliación familiar nunha porcentaxe próxima ao 35% do cadro de persoal, o cal unido a vacacións programadas supón unha dificultade importante para cubrir unha porcentaxe tan elevada de ausencias.
Desde a Xerencia implementáronse as medidas ao noso alcance para dar a mellor asistencia posible á poboación coa escaseza de recursos humanos da que dispoñemos nestes momento, situación extensible a resto das Áreas Sanitarias da comunidade autónoma e ao ámbito estatal.
E sempre a primeira opción foi a substitución, adxudicando durante este mes de outubro a 2 substitutos ao centro de saúde da Guarda e 1 ao centro de saúde do Rosal, o cal

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
23/12/2020 17:58:34

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:37
Nº Rexistro: 6805
Data envío: 23/12/2020 17:58:37.540

representa un 15% dos recursos humanos da área. No mes de xullo ponse en marcha unha reorganización asistencial que consiste na centralización da actividade asistencial do centro de saúde, prioritariamente na quenda de mañá, permanecendo un equipo medico durante a quenda de tarde, composto por medico/a e enfermeiro/a, para dar apoio ao PAC, evitando que o centro quede descuberto ante asistencias en domicilio, vía pública ou traslados hospitalarios.

Con data 29 de setembro prodúcese a xubilación dunha medico do servizo, cuxa praza vacante ofertarase co resto das que foron xurdindo tras a última oferta de estabilización de persoal o 16 de setembro. Realizaranse os trámites habituais e ofertarase co resto de vacantes da área nas próximas semanas.

Así mesmo estase traballando cos profesionais da área administrativa para mellorar a accesibilidade dos pacientes ao servizo sanitario, ben con melloras técnicas ou implementando os recursos humanos, reforzando un efectivo en ambas as quendas que permitan unha atención máis personalizada aos usuarios, orientando as citas aos profesionais que mellor lle poidan resolver o problema. Doutra banda, potenciarase a desburocratización do centro de saúde, facilitando aos pacientes realizar tramítelos necesarios tras as consultas cos especialistas de hospital, evitando que teñan que desprazarse novamente ao centro de saúde**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:37
Nº Rexistro: 6805
Data envío: 23/12/2020 17:58:37.540

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:58:34**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:30
Nº Rexistro: 6804
Data envío: 23/12/2020 17:58:30.040

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2734**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a existencia no Hospital Provincial de Conxo de plans de emerxencias e de prevención de incendios actualizados e revisados, así como de equipos axeitados para a súa detección, control e extinción, e a situación de operatividade na que se atopaba o sistema de alarma do centro cando se declarou o incendio o día 28 de setembro de 2020"**, (publicada no BOPG número 28 do 9 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Hospital de Conxo conta cos sistemas de detección e extinción de incendios esixidos pola normativa vixente. Dispón de sistema de detección e alarma de incendios con supervisión de localización de zona mediante software informático.

Para cubrir a necesidade de extinción dispón dunha rede de agua con Bocas de Incendio Equipadas (BIE), alimentada por un grupo de presión independente, ademais de contar con equipos portátiles de extinción repartidos polas diferentes plantas do centro. Estes sistemas e equipamento revísanse periodicamente pola empresa mantedora para cumprir os requirimentos do RIPCI (regulamento de instalacións de proteccións contra incendios).

O sistema de detección e alarma de incendio estaba operativo no momento do lume. A empresa mantedora do mesmo realiza revisións preventivas periódicas do sistema para asegurar o correcto funcionamento, cumprindo deste xeito os requirimentos do RIPCI (regulamento de instalacións de proteccións contra incendios)**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:58:27

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:58:27

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:22
Nº Rexistro: 6803
Data envío: 23/12/2020 17:58:22.524
Data 23/12/2020 17:58

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2738**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación da sanidade pública no concello da Guarda e as súas previsións respecto da restitución dos profesionais suprimidos"**, (publicada no BOPG número 28 do 9 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O centro de saúde da Guarda atende a unha poboación de 15.111 habitantes, dos cales 1.600 atópanse en idade pediatra.

O cadro de persoal do centro de saúde esta formada por 8 médicos de familia, 2 pediatras, 9 enfermeiras/os, categorías que nos últimos tempos son deficitarias, é dicir non se dispón de substitutos en listas de contratación para cubrir as ausencias programadas ou imprevistas.

A xornada de centro de saúde organízase en quenda de mañá e tarde, en quendas deslizantes dos profesionais, para unha dotación de 5 médicos de mañá e 3 tarde.

Durante este último ano, no centro de saúde da Guarda concorreron ausencias por incapacidades temporais dos profesionais ou permisos de conciliación familiar nunha porcentaxe próxima ao 35% do cadro de persoal, o cal unido a vacacións programadas supón unha dificultade importante para cubrir unha porcentaxe tan elevada de ausencias.

Desde a Xerencia implementáronse as medidas ao noso alcance para dar a mellor asistencia posible á poboación coa escaseza de recursos humanos da que dispoñemos nestes momento, situación extensible a resto das Áreas Sanitarias da comunidade autónoma e ao ámbito estatal.

E sempre a primeira opción foi a substitución, adxudicando durante este mes de outubro a 2 substitutos ao centro de saúde da Guarda e 1 ao centro de saúde do Rosal, o cal representa un 15% dos recursos humanos da área. No mes de xullo ponse en marcha unha reorganización asistencial que consiste na centralización da actividade asistencial do centro de saúde, prioritariamente na quenda de mañá,

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
23/12/2020 17:58:19

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:22
Nº Rexistro: 6803
Data envío: 23/12/2020 17:58:22.524

permanecendo un equipo medico durante a quenda de tarde, composto por medico/a e enfermeiro/a, para dar apoio ao PAC, evitando que o centro quede descuberto ante asistencias en domicilio, vía pública ou traslados hospitalarios.

Con data 29 de setembro prodúcese a xubilación dunha medico do servizo, cuxa praza vacante ofertarase co resto das que foron xurdindo tras a última oferta de estabilización de persoal o 16 de setembro. Realizaranse os trámites habituais e ofertarase co resto de vacantes da área nas próximas semanas.

Así mesmo estase traballando cos profesionais da área administrativa para mellorar a accesibilidade dos pacientes ao servizo sanitario, ben con melloras técnicas ou implementando os recursos humanos, reforzando un efectivo en ambas as quendas que permitan unha atención máis personalizada aos usuarios, orientando as citas aos profesionais que mellor lle poidan resolver o problema. Doutra banda, potenciarase a desburocratización do centro de saúde, facilitando aos pacientes realizar tramítelos necesarios tras as consultas cos especialistas de hospital, evitando que teñan que desprazarse novamente ao centro de saúde**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:22
Nº Rexistro: 6803
Data envio: 23/12/2020 17:58:22.524

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:58:19**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:14
Nº Rexistro: 6802
Data envío: 23/12/2020 17:58:14.821
Data 23/12/2020 17:58

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2814**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura das necesidades que presenta a atención sanitaria que se está a prestar no concello de Forcarei”**, (publicada no BOPG número 28 do 9 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Forcarei é un concello con importante perda de poboación e o consecuente envellecemento da súa poboación.

O número de TIS do profesional de pediatría está por baixo da media dos profesionais de área sanitaria, no caso da pediatra é de 557 TIS (a data 30 de setembro de 2020), a pesar diso e da importante escaseza de pediatras, o Sergas mantén a titular na praza, que se despraza 3 días á semana para a atención e seguimento. Os demais días os nenos que se consideren de atención urxente son valorados polo médico de familiar, con coñecemento e capacitación para atender aos menores se se da a circunstancia, e no caso de que así se considere remítense ao servizo de urxencias do Hospital.

No Centro de Saúde de Forcarei o Sergas conta con 2 médicos de familia que teñen 894 e 846 TIS, un deles xubilouse o pasado 12 de xuño de 2020 e desde entón os pacientes están a ser atendidos polo outro médico en intersubstitución.

O médico de Soutelo de Montes ten 1.097 TIS (a 30 de setembro de 2020) das que 482 pertencen a maiores de 65 anos, moi por baixo da media doutros profesionais da área sanitaria e por baixo tamén do que as sociedades científicas consideran idóneo.

A dotación de profesionais realízase con criterios exclusivamente técnicos, que teñen en conta entre outros o número de habitantes, a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación, a isocrona respecto do Hospital de referencia así como do PAC, etc.

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:58:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:14
Nº Rexistro: 6802
Data envío: 23/12/2020 17:58:14.821

Polo exposto, en Soutelo de Montes, nestes momentos, non é necesario dispoñer dunha segunda praza de médico.

As ausencias dos profesionais no concello de Forcarei, está a cubrirse cos mesmos criterios que en calquera centro de saúde para garantir unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:14
Nº Rexistro: 6802
Data envio: 23/12/2020 17:58:14.821

Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:58:11**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:07
Nº Rexistro: 6801
Data envío: 23/12/2020 17:58:07.165
Data 23/12/2020 17:58

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2850**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Isaura Abelairas Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o mecanismo previsto polo Goberno galego para garantir, diante da limitación das citas á atención telefónica, a atención sanitaria ás persoas con parálise cerebral, así como as súas intencións respecto da asignación dun médico para facer o seguimento das persoas usuarias da Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral ou doutros centros con problemáticas similares"**, (publicada no BOPG número 28 do 9 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"É preciso sinalar que todas as persoas que precisen atención presencial urxente atendese de xeito inminente no centro de saúde e se a prestación tivese que prestarse no domicilio que para o desprazamento dos profesionais a Consellería de Sanidade habilitou un transporte de taxi.

Con motivo da pandemia dende o estado de alarma habilitouse como centro de cabeceira COVID, o Centro de Saúde de Navia para atender os pacientes desta localidade ademais dos de Coruxo .

O resto da actividade segue a estar descentralizada prestándose tanto en Navia coma en Coruxo en horario de maña e cando a situación epidemiolóxica o permita volverán a realizarse quendas deslizantes de mañá e tarde.

Os médicos de familia (MF) especialistas en medicina familiar e comunitaria, reciben formación durante a súa etapa de residentes que dura 4 anos, para atender persoas con independencia da súa patoloxía e cando estes pacientes o precisan, igual que se fai co resto dos pacientes, serán derivados ao outro especialista en función da patoloxía que presenten.

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:58:04

Con todo queremos deixar constancia do traballo que están a facer ás areas sanitarias en colaboración coas asociacións para mellorar a atención os pacientes con necesidades especiais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:58:07
Nº Rexistro: 6801
Data envio: 23/12/2020 17:58:07.165

Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:58:04**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:59
Nº Rexistro: 6800
Data envío: 23/12/2020 17:57:59.727
Data 23/12/2020 17:57

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2994**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a información, a opinión e as xestións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego diante do Adif respecto da execución que presenta no concello de San Cibrao das Viñas o Proxecto de actuacións complementarias da liña de alta velocidade Madrid-Galicia, treito Taboadela-Ourense, no referido aos pasos elevados sobre o camiño de ferro PS-04 e PS-05, así como a pendente do vial finalmente executado no PS-04"**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, indicar que a Axencia Galega de Infraestruturas non participou na elaboración do Proxecto de Actuacións Complementarias da liña de Alta Velocidade Madrid-Galicia, treito Taboadela-Ourense, nin lle foron comunicados os pormenores deste proxecto ou da obra, xa que se trata dunha actuación de responsabilidade e competencia do Goberno de España.

A pregunta refírese, en concreto, á reposición duns viarios municipais mediante uns pasos superiores sobre a vía de ferrocarril que, se ben xa existían, tiveron que facerse máis altos coa fin de poñer a electrificación da vía. Trátase de tres pasos: o PS03 (cuxa reposición, a data de hoxe, está aínda sen rematar), o PS04 (demolido e xa reposto) e o PS05 (demolido e non reposto).

Dos pasos anteriormente mencionados tan só o primeiro deles, o PS03, entra no ámbito de competencias da Axencia Galega de Infraestruturas, xa que a reposición conecta coa estrada autonómica OU-320 (identificada na pregunta coma OU-40). Por esta razón, solicitaron a preceptiva autorización tanto ADIF (para facer a estrutura por estar dentro dos 30 m de afección da estrada) coma UFD (para cambiar a súa rede eléctrica, que pasa por este punto).

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:57:56

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:59
Nº Rexistro: 6800
Data envio: 23/12/2020 17:57:59.727

A autorización solicitada polo ADIF concedéuselle o 26/06/2020. Nela, o Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas en Ourense incluíu unha serie de condicionantes en relación coa estrada autonómica OU-320: que o muro respecte o dominio público, que se manteña a accesibilidade peonil, que se dispoñan sistemas de contención de vehículos na súa rampla, que as augas de pluviais que baixan do paso se canalicen axeitadamente ao drenaxe da estrada, que se repoña a zona de dominio público da estrada que precisan para traballar como zona transitable pola existencia dunha parada de bus.

En todo caso a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas ao ADIF está condicionada a que cumpra os requirimentos esixidos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:59
Nº Rexistro: 6800
Data envio: 23/12/2020 17:57:59.727

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:57:56

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:52
Nº Rexistro: 6799
Data envío: 23/12/2020 17:57:52.477
Data 23/12/2020 17:57

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3566**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os parámetros ou protocolo obxectivo existente para a toma de decisións á hora de intervir os centros de atención residencial cando hai contaxios por covid-19, os medios humanos e materiais que habilita a Administración competente unha vez intervido o centro e as razóns da Xunta de Galicia para non intervir neste momento as residencias de Val de Monterrei e Nosa Señora do Viso tendo en conta o número de contaxios que rexistran"**, (publicada no BOPG número 34 do 22 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Conforme a un protocolo conxunto das Consellerías de Sanidade e Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS-COV-2(COVID-19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios.
Os medios proporciónanse en función da situación da residencia intervida. E detállanse no protocolo referido na contestación da pregunta anterior.

Para intervir unha residencia, esta ten que reunir una serie de criterios e ten que facerse en consonancia coa Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade ,pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia ,do 12 de xuño de 2020

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
23/12/2020 17:57:49

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:52
Nº Rexistro: 6799
Data envío: 23/12/2020 17:57:52.477

sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:52
Nº Rexistro: 6799
Data envio: 23/12/2020 17:57:52.477

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:57:49

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:44
Nº Rexistro: 6798
Data envío: 23/12/2020 17:57:44.899

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3667**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para ofrecer unha atención sanitaria digna á veciñanza de Cambados"**, (publicada no BOPG número 34 do 22 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia conta co Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 aprobado polo Consello da Xunta e que xa está en desenvolvemento, que consta de 7 liñas estratéxicas, 52 obxectivos e 200 accións e que conta cun orzamento específico de máis de 102 millóns de euros e inclúe a creación de 331 novas prazas en categorías de atención primaria.

Este Plan recolle, na súa primeira liña estratéxica, a 'Dotación de Recursos Humanos de Atención Primaria, adaptando o número de prazas ás características epidemiolóxicas e demográficas'.

En resposta a este compromiso, no mes de agosto de 2019, creáronse 20 novas prazas de médico de familia e 45 novas prazas de enfermería en Atención Primaria. Ademais, durante o 2019 incorporáronse 249 médicos titulares de AP.

Hai que precisar que a atención presencial mantívose sempre, en todos os centros de atención primaria, pero, con motivo da pandemia, introduciuse unha valoración, a través dunha chamada telefónica, da necesidade da consulta presencial. Unha medida razoable e de prudencia que non foi exclusiva de Galicia senón común nas comunidades autónomas.

Esta cita telefónica previa permite detectar as persoas con sintomatoloxía compatible con infección por Covid19, e facilita a detección precoz, e diminúe o risco de transmisión secundaria.

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:44
Nº Rexistro: 6798
Data envío: 23/12/2020 17:57:44.899

No momento actual estamos a pasar por unha segunda onda da pandemia, e polo tanto faise imprescindible que as persoas con sintomatoloxía compatible con COVID-19 deixen de circular, e unicamente acudan aos centros sanitarios para atención presencial só cando sexa necesario, garantindo sempre as condicións de seguridade para pacientes e profesionais.

Estamos nun momento de transición no que a atención telefónica debe deixar de ser esa 'inmensa maioría' da prestación sanitaria e camiñar cara un carácter máis complementario, aínda que manteña con toda seguridade un protagonismo maior que antes da pandemia.

Nese sentido, o SERGAS activou un Plan de reactivación asistencial en atención primaria que recolle que a citación de pacientes se axustará a unha cadencia que minimice as concentracións de persoas, tanto nas salas de espera como nos medios de transporte público.

Tamén recolle a potenciación da consulta telefónica e a atención proactiva a domicilio. Para iso dotouse aos centros de medios de transporte, de forma que os profesionais sanitarios atendan sen demora no seu domicilio ás persoas que o precisen, sempre que teñan dificultades para desprazarse por motivos clínicos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:44
Nº Rexistro: 6798
Data envio: 23/12/2020 17:57:44.899

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:57:42

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:37
Nº Rexistro: 6797
Data envío: 23/12/2020 17:57:37.712

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4104**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns da Xunta de Galicia para utilizar estudantes de enfermaría en lugar de contratar profesionais cualificados para realizar os cribados da covid-19, a supervisión deste alumnado durante a execución destas tarefas e as medidas previstas para recuperar a formación perdida durante ese período"**, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

**"**Remitímonos á resposta facilitada pola Directora Xeral de Saúde Pública Sanitaria á pregunta número 4102, que tivo lugar na Comisión 5ª celebrada o 12 de novembro de 2020**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:57:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:37
Nº Rexistro: 6797
Data envio: 23/12/2020 17:57:37.712

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:57:34

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:30
Nº Rexistro: 6796
Data envío: 23/12/2020 17:57:30.337
Data 23/12/2020 17:57

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4192**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o balance que fai a Secretaría Xeral para o Deporte dos convenios asinados coa Federación Galega de Caza no período 2016-2020 e dos seus resultados, así como sobre os campionatos galegos subvencionados a través deles e as súas previsións respecto do mantemento deses convenios no ano 2021 e a introdución dalgunha modificación normativa para que a caza non sexa considerada unha actividade formativa"**, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta xa foi contestada na sesión do día 2 de decembro na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior polo secretario xeral para o Deporte.

O secretario xeral recordou que, en Galicia, a caza está dotada dunha ordenación tecnicamente rigorosa para a protección e defensa dos valores naturais, afondando na sustentabilidade das poboacións e do ambiente, e da valorización desta actividade como recurso económico. A nosa normativa serve á regulación do exercicio desta práctica na finalidade de protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os nosos recursos cinexéticos, de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados.

No ámbito dos convenios de colaboración, contextualizouse o marco legal das 58 federacións deportivas, e das súas respectivas modalidades e especialidades, dentro da práctica do deporte libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha, como rexe a Lei do deporte de Galicia, e recordouse tamén que a Secretaría Xeral para o Deporte ten, entre as súas funcións, a de coordinar a todas as federacións deportivas galegas no exercicio das funcións públicas que teñen

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
23/12/2020 17:57:27

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:30
Nº Rexistro: 6796
Data envío: 23/12/2020 17:57:30.337

delegadas.

Asemade  a Federación Galega de Caza é a segunda da Comunidade Autónoma en número de licenzas (19.464) e a número 40 en axudas percibidas da Secretaría Xeral neste ano 2020, refírense por último os criterios de asignación de axudas, que veñen dados polos gastos de xestión, actividade, proxecto deportivo, interese estratéxico e a boa gobernanza federativa".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:30
Nº Rexistro: 6796
Data envío: 23/12/2020 17:57:30.337

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:57:27

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:22
Nº Rexistro: 6795
Data envío: 23/12/2020 17:57:22.758
Data 23/12/2020 17:57

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4439**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre **"o coñecemento polo Goberno galego das in consistencias que está a percibir a cidadanía respecto da conduta que debe seguir nos casos de positivo en covid-19 e de contacto con estes, os erros que se están a detectar nas notificacións das PCR a contactos con positivos e as razóns da disparidade de criterios existente entre as diferentes áreas sanitarias no referido á súa realización"**, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

**"**Remitímonos á resposta facilitada polo director xeral de Asistencia Sanitaria á pregunta número 1846, que tivo lugar na Comisión 5ª celebrada o 12 de novembro de 2020**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:57:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:22
Nº Rexistro: 6795
Data envío: 23/12/2020 17:57:22.758

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:57:19

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:15
Nº Rexistro: 6794
Data envío: 23/12/2020 17:57:15.149

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4810**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"a comunicación por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil á Xunta de Galicia dos expedientes de extinción das centrais hidroeléctricas de Enviande, Castadón-Hervidoiro, Castro Caldelas e Vilachán, e as súas intencións respecto da reclamación da súa xestión"**, (publicada no BOPG número 46 do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Respecto dos aproveitamentos hidroeléctricos xestionados pola Demarcación Miño Sil cómpre indicar que esta é unha conca hidrográfica de carácter intercomunitario, de responsabilidade e competencia estatal.

A xestión dos aproveitamentos hidroeléctricos das concas extracomunitarias non pertence ao ámbito competencial da Xunta de Galicia. A xestión pola Xunta de Galicia de todas as centrais hidroeléctricas existentes na Comunidade esixiría un cambio da Constitución e do Estatuto, xa que en España rexe o principio de xestión por unidade de conca. España instaurou un modelo de xestión de auga por concas hidrográficas xa a principios do século XX. Este modelo foi reafirmado pola Directiva marco da auga.

A vixencia do principio de xestión por unidade de conca continúa e vese cada vez máis reforzado pola lexislación internacional e polas Directivas que emanan de Europa. En España a xestión por unidade de conca é un elemento esencial para garantir a boa gobernanza da auga e para asumir os moitos retos futuros.

A auga, como un ben de dominio público que é, debe xestionarse desde a perspectiva

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:57:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:15
Nº Rexistro: 6794
Data envio: 23/12/2020 17:57:15.149

do interese xeral apoiándose no principio de unidade de conca. Todo iso considerando a importancia da preservación do medio ambiente e a vertebración territorial".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:15
**Nº Rexistro: 6794**
Data envio: 23/12/2020 17:57:15.149

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:57:12**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:07
Nº Rexistro: 6793
Data envío: 23/12/2020 17:57:07.180
Data 23/12/2020 17:57

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 5245**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación en que se atopa o Plan director de saneamento de Noia e as razóns da demora na súa presentación"**, (publicada no BOPG número 50 do 20 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

**"**Os Plans de saneamento locais das rías teñen o obxectivo de mostrar dunha forma clara e concisa un diagnóstico da situación na que se atopan os sistema de saneamento dos municipios e de establecer unha serie de propostas encamiñadas a emendar de forma integral os problemas detectados.

Grazas á realización dos plans, as entidades locais responsables das infraestruturas e do seu mantemento, dispoñen de todo o necesario para levalo a cabo correctamente: desde exhaustivos planos e trazados dixitalizados das redes, ata instalacións de control e ferramentas informáticas para o seguimento telemático, en tempo real, de calquera tipo de problema.

O proceso de elaboración dun plan de saneamento local é complexo, desenvólvese en varias fases e require dun intenso traballo de campo para, entre outros aspectos, identificar problemas ou analizar as redes de saneamento existentes.

O desenvolvemento destes traballos de campo veuse afectado polas circunstancias e a situación de emerxencia mundial debida á pandemia provocada pola expansión da covid-19,  que fixo necesaria a aplicación de protocolos preceptivos e a adopción de medidas que permitisen velar pola seguridade e a saúde dos traballadores e poder garantirlles unhas condicións de traballo seguras, o que interfire tamén nos rendementos.

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/12/2020 17:57:03

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:07
Nº Rexistro: 6793
Data envío: 23/12/2020 17:57:07.180

Non obstante, tense avanzado coa tramitación do Plan director de saneamento de Noia, que xa está redactado e neste momento está en fase de revisión por parte de técnicos de Augas de Galicia**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2020 17:57:07
Nº Rexistro: 6793
Data envío: 23/12/2020 17:57:07.180

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/12/2020 17:57:03**

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Consello de Contas de Galicia

Consello de Contas de Galicia
REXISTRO XERAL
N.º 809
DATA: 23-12-20
SAÍDA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
23 DEC. 2020
Núm. 6765

Remítolle o Plan Anual de Traballo do Consello de Contas de Galicia para o ano 2021, aprobado de acordo co previsto no artigo 7.3 m) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, polo Pleno da Institución na súa sesión do 22 de decembro de 2020.

Santiago de Compostela ao día da sinatura electrónica

José Antonio Redondo López

Conselleiro maior

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Código seguro de Verificación : GEN-bbd1-8fb4-29a6-90df-bea7-fa74-7fb7-5bb3 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-bbd1-8fb4-29a6-90df-bea7-fa74-7fb7-5bb3
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 18:02 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 22/12/2020 18:02

Consello de Contas de Galicia

# PLAN ANUAL DE TRABALLO
# EXERCICIO 2021

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

## ÍNDICE

**I. INTRODUCIÓN** ..... **3**

**II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS** ..... **5**

II.1. OBXECTIVOS ..... 5

II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS ..... 5

II.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS ..... 8

II.3.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL ..... 8

II.3.2. ÁREA DE CONTA XERAL ..... 9

II.3.3. ÁREA DO SERGAS ..... 11

II.3.4. ÁREA DE INSTITUCIONAL ..... 12

II.3.5. ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS ..... 12

**III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN** ..... **17**

III.1. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS ..... 17

III.2. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN ..... 19

III.2.1. ACTUACIÓNS DA UNIDADE DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN ..... 19

III.2.2. ACTUACIÓNS DAS ÁREAS ..... 20

**IV. OUTRAS ACTUACIÓNS** ..... **21**

**V. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS** ..... **21**



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac**

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

**FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F**

**FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF**

# I. INTRODUCIÓN

O Consello de Contas, dependente do Parlamento de Galicia, é o órgano competente para a fiscalización externa da xestión económica, financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como para o asesoramento ao Parlamento de Galicia en materia económico-financeira e para exercer a función de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financeira do sector público da Comunidade Autónoma.

Así mesmo a Institución ten atribuídas as seguintes competencias en materia de prevención da corrupción: a) A colaboración coas administracións suxeitas ao seu ámbito de actuación e facerlles propostas na elaboración de manuais de xestión de riscos; b) A comprobación dos sistemas de prevención da corrupción que se poñan en marcha; c) O asesoramento sobre os instrumentos normativos máis adecuados para previr e reprimir a corrupción; d) O fomento na sociedade civil e, particularmente, no ámbito empresarial da transparencia e do comportamento ético nas súas relacións co sector público.

Conforme ao establecido no artigo 7.3 m) e 10.2 bis da Lei 6/1985, do Consello de Contas, o Pleno da Institución aproba un plan anual de traballo no que se integra o programa de actividades elaborado pola Sección de Prevención da Corrupción. O Regulamento de réxime interior establece nos artigos 25 e 26 que durante o último trimestre do ano, o Consello de Contas elaborará o plan anual de traballo, que conterá as actuacións a desenvolver no exercicio seguinte, indicando as razóns que motivan a súa realización e o seu ámbito subxectivo, obxectivo e temporal, e no que se integrará o programa de actividades da Sección de Prevención da Corrupción, e que dito plan anual se enmarcará nun plan estratéxico a medio prazo.

O dito plan estratéxico foi aprobado en 2018 cun período de vixencia que comprende os exercicios 2019 – 2022 e que se articula ao redor de catro eixos que responden ao compromiso da Institución de contribuír á mellora da calidade da actividade económico-financeira pública e ao bo goberno.

Eixo 1: Fiscalización da actividade económico-financeira do sector público de Galicia.

Eixo 2: Prevención da corrupción.

Eixo 3: Bo goberno e organización interna.

Eixo 4: Fortalecemento das relacións co Parlamento, a sociedade galega e cooperación con outras entidades.

No presente plan de actividade para o exercicio 2021 mantéñense as liñas básicas de traballo seguidas nos últimos exercicios que, completadas con outras, pretenden dar resposta ás orientacións que marca o plan estratéxico.



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

Desta forma sinálanse os seguintes obxectivos do plan:

- Refórzase o control do sector público autonómico e local, con fiscalizacións tanto específicas como horizontais, dando prioridade a aquelas áreas que impliquen maior risco e avanzando nas fiscalizacións de control interno e nas operativas.
- No sector público autonómico continúase co proceso de integrar os resultados da fiscalización do conxunto deste sector co obxecto de dotar de maior valor e visibilidade á declaración definitiva da xestión do sector público.
- Respecto do control do sector público local realízase a explotación da información contractual do sector público local, e do control interno da entidade local, sen deixar de atender as fiscalizacións horizontais.
- Desenvólvense fiscalizacións específicas naquelas entidades nas que se aprecian indicios de que os controis internos son insuficientes, resultado da información da análise das súas contas. Así mesmo, tómanse en consideración as comunicacións ou denuncias presentadas no Consello.
- Intensifícase o proceso de seguimento das recomendacións e do seu grao de cumprimento.
- Outórgase especial consideración ás recomendacións do Parlamento que se incorporan na programación de actuacións e se programan actuacións en colaboración co Tribunal de Contas.
- En materia de prevención da corrupción prográmanse actuacións destinadas a colaborar na implantación no sector público de sistemas de control que permitan garantir o comportamento ético dos xestores públicos, e a fomentar a conciencia e a participación cidadá a favor da transparencia e dese comportamento ético.

Estes obxectivos desenvólvense mediante unha sistemática de traballo que se fundamenta en:

- Dotar e garantir a máxima calidade dos traballos de fiscalización mediante a adecuada aplicación de manuais e guías técnicas.
- Procurar o achegamento temporal da actividade de control ao momento no que se producen os feitos suxeitos para fiscalizar mediante a redución dos prazos de execución.
- Fomentar a profesionalización do persoal da Institución mediante a mellora continua da súa cualificación profesional, en función das necesidades que teñen tanto as áreas nas que se estrutura o Consello como cada un dos postos de traballo.
- Apostar firmemente pola utilización xeneralizada das tecnoloxías da información e comunicación, e polo impulso do emprego de ferramentas informáticas nos traballos de fiscalización e prevención da corrupción, co fin de gañar en eficiencia e produtividade nos traballos desenvolvidos.



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

# II. PROGRAMA DE FISCALIZACIÓNS

## II.1. OBXECTIVOS

O programa de fiscalizacións para o ano 2021, enmarcado nas liñas programáticas definidas no punto anterior, ten como prioridade, unha vez máis, a selección de áreas de risco especialmente relevantes na xestión económico-financeira do sector público, que completen ademais a análise efectuada nos informes de Conta Xeral.

Ademais, o Consello intensificará o seguimento das recomendacións da Institución sobre a xestión económico-financeira pública incluídas nos informes de fiscalización, así como das resolucións sobre os ditos informes efectuadas polo Parlamento de Galicia. Este seguimento realizarase sobre todos os informes de fiscalización a partir da información que se recolla dos contadantes, e completarase con outros informes de fiscalización específica de recomendacións. O seguimento das recomendacións verificarase, ademais, no ámbito da Administración autonómica no seo da Comisión Mixta Consello de Contas-Intervención Xeral, e complementarase coa información de carácter estatístico que se incorpora á memoria anual de actividades.

Con carácter transversal, tamén se incorporará á actividade de control a verificación do cumprimento dos principios de transparencia establecidos pola normativa de transparencia e bo goberno e das prescricións que establece a Lei orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se incorporará a todos os informes de fiscalización.

De forma complementaria ás actuacións en materia de prevención, considerarase na planificación dos traballos de fiscalización a inclusión da avaliación do control interno orientado aos sistemas de prevención, cuxos resultados se incorporarán aos informes.

Nos diferentes traballos de fiscalización, na medida en que os ámbitos de actuación definidos o permitan, atenderanse os acordos do Pleno relativos á toma en consideración das comunicacións ou denuncias de persoas físicas ou xurídicas presentadas no Consello.

## II.2. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS

O Plan anual distingue entre as fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal, as solicitadas polo Parlamento, as previstas en colaboración co Tribunal de Contas, e as programadas por iniciativa do Consello de Contas. Coa finalidade de visualizar e dispoñer dunha mellor información sobre o desenvolvemento das actuacións durante o exercicio 2021, e tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacións previstas no plan de traballo se realiza ao longo de varios exercicios, preséntase a programación correspondente ao ano natural, na que se incorporan os informes en



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

execución correspondentes a un plan anterior.

**Cadro 1. Actuacións de fiscalización programadas**

| Código de actuación | Iniciativa da actuación fiscalizadora | Programa | Ano previsto de aprobación | |
|---|---|---|---|---|
| | | | 2021 | 2022 |
| | ***Fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal*** | | | |
| 1602021-01 | Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2019 | 2021 | ✓ | |
| 1802021-03 | Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2019 | 2021 | ✓ | |
| 1502021-01 | Fondos de Compensación Interterritorial, exercicio 2019 | 2021 | ✓ | |
| 1702021-01 | Informe sobre a rendición das Contas Xerais das entidades locais, exercicio 2019 | 2021 | ✓ | |
| 1702021-02 | Informe da Conta Xeral das entidades locais, exercicio 2019 | 2021 | ✓ | |
| | ***Fiscalizacións que se realizan atendendo as recomendacións do Parlamento*** | | | |
| 1902021-01 | Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2019 | 2021 | ✓ | |
| 1602021-03 | Informe de fiscalización sobre a aplicación e suficiencia dos ingresos do Fondo Covid-19 para a xestión da pandemia na Comunidade Autónoma de Galicia. Exercicio 2020 | 2021 | | ✓ |
| 1632018-03 | Fiscalización sobre a existencia e cumprimento de cláusulas sociais na contratación pública das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega | 2018 | ✓ | |
| 1632018-04 | Fiscalización das medidas implementadas polas entidades instrumentais da Comunidade Autónoma para favorecer o acceso das pequenas e medianas empresas (PEMES) á contratación pública | 2018 | ✓ | |
| 1802021-01 | Fiscalización do impacto da pandemia Covid-19 no ámbito da contratación do Sergas | 2021 | | ✓ |
| 1622019-04 | Informe de fiscalización da comisión intermunicipal para o bombeo Razamonde/San Trocado | 2019 | ✓ | |
| 1502020-04 | Fiscalización do destino dos recursos empregados no proxecto Life Rexenera Limia, exercicio 2016-2019 | 2020 | ✓ | |
| | ***Fiscalizacións en colaboración co Tribunal de Contas*** | | | |
| 1612019-02 | Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da dependencia. Exercicios 2008-2015 | 2019 | ✓ | |
| | ***Fiscalizacións programadas a iniciativa do Consello*** | | | |
| 1502021-02 | Fondos procedentes da Unión Europea, exercicio 2019 | 2021 | ✓ | |
| 1502020-06 | Informe de fiscalización da efectividade dos expedientes de reintegro de subvencións financiadas con fondos europeos, exercicios 2014-2020 | 2020 | ✓ | |
| 1802021-02 | Fiscalización dos contratos programa entre o Sergas e as fundacións sanitarias | 2021 | ✓ | |
| 1602021-04 | Fiscalización do programa 512A- Ordenación e inspección de transporte | 2021 | | ✓ |
| 1612020-04 | Informe de fiscalización do programa de gasto 713E-Benestar Animal e Sanidade Vexetal, exercicios 2014-2018 | 2020 | ✓ | |
| 1502020-05 | Informe de fiscalización da xustificación das subvencións recibidas polas formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia, exercicio 2019 | 2020 | ✓ | |



CSV: GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

| Código de actuación | Iniciativa da actuación fiscalizadora | Programa | Ano previsto de aprobación | |
|---|---|---|---|---|
| | | | 2021 | 2022 |
| 1642018-02 | Informe de fiscalización do gasto farmacéutico derivado da dispensación de receitas médicas, exercicios 2009-2017 | 2018 | ✓ | |
| 1642020-02 | Informe de fiscalización da asistencia sanitaria con medios alleos na Área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos | 2020 | ✓ | |
| 1632019-02 | Informe sobre as contas anuais das sociedades mercantís da Comunidade Autónoma | 2019 | ✓ | |
| 1632018-02 | Fiscalización dos criterios de adxudicación e da motivación das contratacións realizadas polas entidades instrumentais da Comunidade Autónoma Galega | 2018 | ✓ | |
| 1632018-05 | Avaliación e análise da situación económico-financeira-patrimonial e orzamentaria dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario | 2018 | ✓ | |
| 1632020-03 | Fiscalización das universidades públicas galegas | 2020 | ✓ | |
| 1622019-10 | Auditoría de xestión. Concello de Ourense | 2019 | ✓ | |
| 1622019-16 | Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas ao efecto. Curtis | 2019 | ✓ | |
| 1502019-03 | Fiscalización do impacto en termos de eficacia e eficiencia dos proxectos financiados con fondos da Unión Europea no sector enerxético de Galicia. Programa Operativo 2014-2020 | 2019 | ✓ | |
| 1622020-08/09/10/11/12 | Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas ao efecto. Corporacións Locais: Concello de Mugardos, Concello de Culleredo, Xunqueira de Ambía, Concello de Lugo e Concello de Ponteareas. | 2019 | ✓ | |
| 1622020-13 | Informe de fiscalización selectiva do Concello de A Coruña | 2020 | ✓ | |
| 1702021-03 | Informe de seguimento das recomendacións. Entidades Locais | 2021 | ✓ | |
| 1702021-04 | Informe sobre os extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais de contratos e convenios celebrados polas entidades locais, exercicio 2019 | 2021 | ✓ | |
| 1702021-05 | Informe sobre o control interno das entidades locais, exercicio 2019 | 2021 | ✓ | |
| 1702021-06 | Informe sobre indemnizacións por razón de servizo | 2021 | | ✓ |

Reprogramación de traballos do Plan anterior:

- Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas ao efecto. Cangas [1702021-07]. Procédese á reprogramación deste informe para incluír no seu ámbito obxectivo os acordos contrarios aos reparos formulados no exercicio 2019.

Non se inclúen no cadro as actuacións que figuraban en plans anteriores coa previsión de ser aprobadas no ano 2020, que teñen rematado o seu traballo de campo e se atopan na fase final de elaboración de cara á súa próxima aprobación:

- Informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo [1642017-02]



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

- Informe de fiscalización das taxas, prezos e outros ingresos patrimoniais do Sergas, exercicios 2015-2017 [1642019-02]
- Informe de fiscalización da contratación dunha solución global que cubra as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Sergas [1642019-03]
- Informe de fiscalización dos gastos de persoal na Administración xeral da Comunidade Autónoma [1612017-04]
- Informe de fiscalización do programa de gasto 131A-Administración de Xustiza, exercicio 2015-2017 [1612019-03]
- Informe sobre o grao de implantación da administración electrónica nas entidades locais [1622020-07]

## II.3. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS POR ÁREAS

### II.3.1. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL

#### II.3.1.1. Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2019. [1502021-01]

Esta fiscalización dá cumprimento á esixencia imposta pola Lei 22/2001 reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial (en adiante FFCI), que establece a obriga para o Consello de Contas de Galicia de elaborar un informe separado e suficiente de todos os proxectos financiados con cargo aos FFCI, para sometelo ao control do Parlamento de Galicia.

A fiscalización terá como obxectivos principais a comprobación da legalidade e a regularidade das operacións e a determinación dos índices de execución dos proxectos financiados ou cofinanciados polos FFCI durante o exercicio 2019.

#### II.3.1.2. Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicio 2019. [1502021-02]

A fiscalización dos Fondos Estruturais, Fondo de Cohesión e os Instrumentos Financeiros, sen prexuízo das competencias que ten atribuídas o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas, levarase a cabo polo Consello de Contas, xa que os seus programas de gastos e os seus recursos constitúen unha parte cuantitativa e cualitativa moi relevante dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma.

O traballo desenvolverase para dar cumprimento a un dobre obxectivo: Auditoría financeira, que terá por obxecto a análise de conformidade sobre se as contas asociadas á execución dos Fondos Europeos que recibe Galicia presentan unha información completa e exacta das operacións desenvolvidas no



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

exercicio 2019 e, por outra banda, Fiscalización de cumprimento da legalidade dos proxectos financiados con Fondos Europeos.

## II.3.2. ÁREA DE CONTA XERAL

### II.3.2.1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e declaración definitiva correspondente ao exercicio 2019 [1602021-01]

O artigo 25 da Lei 6/1985, do Consello de Contas, sinala que "O Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, procederá ao exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma dentro do prazo de 6 meses, a partir da data na que se rendera. O Pleno ditará a declaración definitiva que lle mereza para elevala ao Parlamento...".

Os obxectivos deste informe son verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable da situación e actividade dos centros públicos da Administración da Comunidade Autónoma, determinar se a Conta da Administración reflicte razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento; e ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración, completando o contido das contas nos casos nos que se estime necesario.

Un obxectivo especifico é incorporar a este informe aspectos da análise do gasto consolidado de todo o sector público autonómico, de cara a ir conformando un informe de Conta Xeral do sector público autonómico.

### II.3.2.2. Informe de fiscalización sobre a aplicación e suficiencia dos ingresos do fondo Covid-19 para a xestión da pandemia na CA de Galicia. exercicio 2020 [1602021-03]

O Parlamento de Galicia, a través da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas, na súa sesión do día 27 de outubro de 2020, recomendou a realización dun informe de fiscalización sobre o destino dos ingresos extraordinarios recibidos do Estado para a sanidade e educación debidos á xestión da pandemia da Covid-19.

Respondendo a esta recomendación formulada polo Parlamento, inclúese no programa de traballo para o exercicio 2021 a realización *dun Informe de fiscalización sobre a aplicación e suficiencia dos ingresos do Fondo Covid-19 para a xestión da pandemia na CA de Galicia. Exercicio 2020*.

O Fondo Covid-19 configúrase coma un fondo estatal excepcional de carácter orzamentario, estruturado en catro tramos, cuxo obxecto é dotar dun maior financiamento, mediante transferencias non condicionadas, ás Comunidades autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla, para facer fronte á incidencia orzamentaria derivada da crise orixinada pola pandemia da Covid-19.

Dado o carácter non condicionado das transferencias realizadas polo Estado, será responsabilidade



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

das comunidades autónomas destinar estes recursos á finalidade para a que se teñen concedido. Prevéndose, neste senso que as comunidades poidan habilitar os créditos orzamentarios para facer fronte aos gastos asumidos pola pandemia.

Deste xeito, a análise do Consello centrarase, fundamentalmente, na verificación de que os ingresos procedentes do Fondo Covid-19, se destinen a financiar as necesidades orzamentarias derivadas da crise sanitaria ocasionada pola pandemia. En concreto, en relación co maior gasto derivado da loita contra a pandemia, a aplicación dos fondos finalistas transferidos con cargo aos tramos 1 e 2 para o financiamento dun maior gasto sanitario, e o tramo 3 para o financiamento dun maior gasto educativo.

Así mesmo, tratárase de determinar o grao de suficiencia dos fondos estatais asignados en relación co volume real dos gastos sanitario e educativo extraordinarios asumidos pola Comunidade autónoma por mor da loita contra a pandemia da Covid-19 isto é, en relación co impacto orzamentario real da crise sanitaria nas contas da Comunidade autónoma.

### II.3.2.3. Informe de fiscalización do programa 512A Ordenación e inspección do transporte [1602021-04]

A iniciativa da fiscalización xurde pola importancia estratéxica do sector do transporte en Galicia en tanto que contribúe a mellorar a competitividade dos sectores produtivos e o desprazamento dos cidadáns. No programa 512A, Ordenación e Inspección do Transporte do orzamento contémplanse, as accións dirixidas a mellora da competitividade do sector empresarial do transporte de persoas e mercadorías e tamén ás actuacións de modernización dos servizos de transportes público de viaxeiros.

O informe terá por obxecto a análise das actuacións da Xunta de Galicia nos servizos de transporte e nas infraestruturas asociadas ao mesmo. Tamén se avaliará o grao de cumprimento dos obxectivos do Plan de Transporte Público de Galicia, como o instrumento para a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración da Comunidade Autónoma e de coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na nosa comunidade.

O ámbito subxectivo da fiscalización será a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o ámbito temporal abranguerá aos exercicios 2019 e 2020. Realizarase unha auditoría combinada incorporando aspectos financeiros, operativos e de cumprimento.



CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## II.3.3. ÁREA DO SERGAS

### II.3.3.1. Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde correspondente ao exercicio 2019 [1802021-03]

O obxectivo principal da fiscalización é a análise da liquidación orzamentaria do exercicio, cun esquema similar ao de anteriores informes. As actuacións a levar a cabo centraranse na execución do orzamento consolidado de ingresos e de gastos, coa finalidade de determinar a situación económico-financeira do sistema público de saúde de Galicia.

Serán obxecto de especial verificación as modificacións orzamentarias e as obrigas pendentes de recoñecer a fin de exercicio. Por outra banda, examinaranse diferentes aspectos da xestión do organismo, como os concertos, os instrumentos de relación coas fundacións e sociedades públicas sanitarias e o seu financiamento e a evolución do gasto farmacéutico. En relación con este último aspecto, seguindo as recomendacións formuladas polo Parlamento a través da Comisión Permanente non Lexislativa para as relacións co Consello de Contas, esta fiscalización incluirá unha proposta sobre as modificacións na estrutura orzamentaria para que a información contable permita recoñecer os diferentes compoñentes do gasto farmacéutico e proceder a súa análise específica.

### II.3.3.2. Informe de fiscalización do impacto da pandemia Covid-19 no ámbito da contratación do Sergas [1802021-01]

Seguindo as recomendacións formuladas polo Parlamento a través da Comisión Permanente non Lexislativa para as relacións co Consello de Contas, este Consello decidiu incorporar a este plan de traballo un informe no que se analicen as consecuencias que tivo a pandemia da Covid-19 no ámbito da contratación sanitaria. Desde o momento da declaración de emerxencia sanitaria os recursos sanitarios mobilizáronse de forma excepcional para dar cobertura ás necesidades sanitarias da poboación. Esta situación afectou aos procedementos administrativos de forma xeral e á contratación de forma particular.

Trátase dunha fiscalización de cumprimento co fin de comprobar a adecuación á normativa de contratación pública dos contratos realizados durante a vixencia da pandemia e a análise do seu impacto financeiro nos orzamentos do Sergas.

### II.3.3.3. Informe de fiscalización dos contratos programa entre o Sergas e as fundacións sanitarias [1802021-02]

O obxectivo principal desta fiscalización é o de verificar o cumprimento dos contratos programas subscritos entre as fundacións públicas sanitarias e o Sergas, comprobando a suficiencia do seu financiamento e o cumprimento dos obxectivos fixados para cada unha delas, así como avaliar a adecuación deste tipo de instrumentos á realidade que sustentan.



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

Trátase dunha fiscalización de regularidade co fin de comprobar a adecuación á normativa que regula a relación coas entidades dependentes e os aspectos financeiros derivados delas. As entidades ás que se estenderá a fiscalización son a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

## II.3.4. ÁREA DE INSTITUCIONAL

### II.3.4.1. Informe financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2019 [1902021-01]

O Consello de Contas elabora anualmente un informe sobre a actividade económico-financeira das entidades dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. O Parlamento de Galicia insta de xeito recorrente ao Consello de Contas a manter o carácter periódico deste traballo.

O obxectivo deste traballo é analizar a situación económica do sector público instrumental da Xunta de Galicia. En particular, o informe analiza a composición e evolución das entidades dependentes, a transparencia e calidade da información financeira que elaboran e a súa situación económica e orzamentaria, poñendo de relevo os principais riscos e incertezas que afectan a sustentabilidade orzamentaria.

## II.3.5. ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS

### II.3.5.1. Informe sobre a rendición das Contas Xerais das entidades locais, exercicio 2019 [1702021-01]

Trala firma do Convenio subscrito entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, que tivo lugar o 27 de xuño de 2011, o proceso de rendición de contas por parte das entidades locais de Galicia é único e realízase a través da Plataforma de Rendición de Contas. De acordo co establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, do Consello de Contas de Galicia, a Conta Xeral das Entidades Locais será rendida directamente ao Consello de Contas polo contadante responsable, no modelo e formato normalizado recomendado pola Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado do 28 de xullo de 2006.

Consecuentemente, o Consello de Contas procederá á verificación e supervisión do cumprimento por parte das entidades locais da obriga de rendición de contas, no soporte informático e o procedemento telemático establecido na Resolución do 26 de xullo de 2010 pola que se fai público o Acordo do Pleno do Tribunal de Contas do 20 de xullo de 2010, polo que se aproba a modificación da Instrución que regula estes extremos, e Resolución do 1 de xuño do 2016 pola que se fai público o Acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia do 31 de maio do 2016.



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

Esta labor de verificación e supervisión dá lugar á catalogación das contas recibidas nas categorías de contas rendidas en prazo ou fóra de prazo, documentación recibida con defectos de tal natureza que impiden a súa consideración como conta rendida e contas non remitidas.

O resultado desta catalogación e a estatística correspondente será obxecto de publicación na web, no enderezo electrónico http://www.consellodecontas.es/gl/menus-consello/sector-publico/sector-local, para xeral coñecemento.

### II.3.5.2. Conta Xeral das entidades locais, exercicio 2019 [1702021-02]

Consistirá na formación da conta xeral das entidades locais, integrando as contas remitidas polas mesmas tomando como criterio de integración os ámbitos institucionais e de poboación, e incluirá:

- Balance de situación.
- Conta de resultado económico patrimonial.
- A liquidación do orzamento de ingresos e gastos.
- O resultado orzamentario.
- O remanente de tesourería.
- Endebedamento.
- Indicadores.

Ofrecerá unha visión global sobre a situación económica do sector público local, incluíndo a capacidade ou necesidade de financiamento do sector durante o exercicio, aforro bruto e neto xerado, resultados orzamentarios e remanentes de tesourería para gastos xerais dispoñibles.

Os informes agregados estarán dispoñibles a través do portal de rendición de contas do Consello de Contas de Galicia, no enderezo electrónico http://www.consellodecontas.es/gl/menus-consello/sector-publico/sector-local.

### II.3.5.3. Informe de seguimento das recomendacións. Entidades Locais [1702021-03]

Comprenderá todas as actuacións levadas a cabo pola área de Corporacións Locais en materia de seguimento das medidas adoptadas ou a adoptar polas entidades fiscalizadas para cumprir coas recomendacións do Consello de Contas.

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e ten por finalidade determinar o grao de implantación das recomendacións dos informes de fiscalización.



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

### II.3.5.4. Informe sobre os extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais de contratos e convenios celebrados polas entidades locais, exercicio 2019 [1702021-04]

#### Expedientes e relacións de contratos

Con data do 27 de xuño de 2014, con base nas relacións de colaboración e cooperación, engadiuse unha addenda ao dito convenio en virtude da cal a relación anual de contratos prevista no artigo 40.2 da Lei 7/1985, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas, que as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia teñen a obriga de enviar ao Tribunal de Contas a través da referida plataforma, tamén producirá efectos perante o Consello de Contas de Galicia, posibilitando a explotación de datos para as funcións de fiscalización que a este lle corresponden.

Esta instrución foi aprobada polo Pleno do Consello de Contas de Galicia na súa sesión do día 22 de febreiro de 2016, en exercicio das súas competencias recoñecidas no artigo 29 do TRLCSP en relación cos artigos 2.1.b) e 7.3.b) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, reguladora do Consello de Contas de Galicia, para levar a cabo a fiscalización da contratación das entidades que compoñen o sector público local galego, competencias que se deben poñer en relación co deber de colaboración previsto no artigo 23 da Lei 6/1985.

A recente entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e as modificacións introducidas respecto da lexislación anterior, en particular as levadas a cabo polo artigo 335 en relación coa remisión polos órganos de contratación da información contractual ao Tribunal de Contas, levaron ao Pleno desta Institución a adoptar unha nova Instrución relativa á remisión telemática dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos celebrados polas entidades do Sector Público Local celebrados ao amparo da nova normativa, nos termos expostos nesta Instrución.

Consecuentemente, o Consello de Contas procederá á verificación e supervisión do cumprimento por parte das entidades locais da obriga de rendición dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais de contratos, no soporte informático e o procedemento telemático establecido na Resolución do 5 de outubro de 2018 pola que se fai público o Acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia do 2 de outubro do 2018.

Ademais, tomando unha mostra da información recibida, abordarase unha fiscalización que terá por obxectivo:

- Revisión da legalidade dos actos de preparación e adxudicación dos extractos de expedientes comunicados.
- Análise estatístico do resto da contratación.



CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e ten por finalidade determinar se a contratación cumpre coas leis e disposicións que a regulan.

### Expedientes e relacións de convenios

O artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que dentro dos tres meses seguintes á subscrición de calquera convenio cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros, estes deberán remitirse electronicamente ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, segundo corresponda, así como as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, a alteración dos importes dos compromisos económicos asumidos e a extinción dos convenios indicados.

En desenvolvemento deste precepto legal, o Consello de Contas de Galicia estableceu as regras pertinentes para que as entidades locais galegas poidan cumprir os deberes regulados no mencionado artigo 53 respecto dos convenios definidos no artigo 47 da devandita Lei 40/2015, considerando conveniente aproveitar as funcionalidades que proporciona o sistema informático denominado Plataforma de rendición de contas das entidades locais.

Consecuentemente, o Consello de Contas procederá á verificación e supervisión do cumprimento por parte das entidades locais da obriga de rendición dos convenios e relacións anuais daqueles formalizados polas entidades locais de Galicia, no soporte informático e o procedemento telemático establecido na Resolución do 21 de marzo de 2017 pola que se fai público o Acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia do 8 de febreiro do 2017.

Ademais, tomando unha mostra da información recibida, abordarase unha fiscalización que terá por obxectivo:

- Revisión da legalidade dos actos de preparación e formalización dos convenios comunicados.
- Análise estatístico do resto dos convenios.

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e ten por finalidade determinar se a contratación cumpre coas leis e disposicións que a regulan.

### II.3.5.5. Informe sobre o control interno das entidades locais, exercicio 2019. [1702021-05]

O parágrafo terceiro do artigo 218 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL) na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece que o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo presidente da entidade local e polo pleno da corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

detectadas en materia de ingresos. Á citada documentación deberá xuntar, se for o caso, os informes xustificativos presentados pola corporación local.

Para os efectos de facilitar o cumprimento da obriga prevista no citado artigo 218.3 do TRLFL creouse unha aplicación específica na Plataforma de rendición de contas das entidades locais, facilitando a remisión anual dos acordos e expedientes a que se refire o artigo 218.3 do TRLRHL

O Pleno do Consello de Contas de Galicia aprobou un procedemento telemático establecido na Resolución do 10 de marzo do 2020 pola que se fai público o Acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia do 6 de marzo do 2020, polo que se aproba a nova instrución relativa á remisión da información do exercicio do control interno das entidades locais de Galicia, adaptada ao novo marco regulamentario do control interno aprobado polo Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Polo tanto, o Consello de Contas procederá á verificación e supervisión do cumprimento por parte das entidades locais da obriga de rendición da información relativa á estrutura do órgano de Intervención, configuración e exercicio do control interno, da información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa, no soporte informático e o procedemento telemático establecido.

Ademais, tomando unha mostra da información recibida, abordarase unha fiscalización que terá por obxectivo:

- Determinar as situacións e causas concretas que deron lugar a acordos contrarios a reparos formulados pola Intervención local, a expedientes con omisión de fiscalización previa e ás principais anomalías de ingresos.
- Identificar as áreas de maior risco na xestión das entidades locais que resulte da información remitida polos órganos de Intervención.

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e ten por finalidade a análise cualitativa e cuantitativa dos tipos de operacións, situacións e causas que deron lugar aos acordos contrarios a reparos e á tramitación de expedientes con omisión de fiscalización previa.

### II.3.5.6. Informe sobre indemnizacións por razón de servizo nas entidades locais [1702021-06]

O informe estruturase en dúas partes: unha parte xeral, onde se analizará de xeito global a os importes gastos polas entidades locais de Galicia nestes conceptos; e unha segunda parte específica, que terá por obxectivo a análise do que se consideran irregularidades no pagamento de indemnizacións e dietas percibidas por cargos electos dos concellos, sobre os que se recibiron denuncias (Catoira,



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

Vilasantar e Trazo; deste último elimínase o seu informe específico para integralo neste monográfico).

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento e ten por finalidade determinar se as actividades, operacións e información das entidades subliñadas cumpren nos seus aspectos significativos coa normativa aplicable.

# III. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

## III.1. ACTUACIÓNS PROGRAMADAS

O Plan estratéxico do Consello de Contas 2019-2022 establece dentro do eixe *2 Prevención da corrupción* as liñas básicas que definen as actuacións do Consello nesta materia: a colaboración coas entidades do sector público autonómico na implantación de sistemas de prevención da corrupción, o asesoramento ao Parlamento e ás administracións públicas nesta materia e, por último, o fomento da concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e dun comportamento íntegro.

Dentro deste marco, e en coherencia cos obxectivos establecidos para cada liña, as actuacións da Institución para o exercicio 2021 concrétanse nas seguintes:

1. Continuar cos traballos de diagnóstico dos sistemas de prevención nas entidades integrantes dos subsectores da Administración local e institucional e nas entidades dependentes do Sergas, formulando recomendacións tendentes ao fortalecemento dos seus sistemas de control interno (medidas 2.1.2 e 2.2.1 do plan estratéxico).

2. Avaliar os avances no grao de implantación dos sistemas de prevención nas entidades públicas que xa foron obxecto do estudo diagnóstico, formulando recomendacións tendentes ao fortalecemento dos seus sistemas de control interno (medidas 2.1.2 e 2.2.1 do plan estratéxico).

3. Impulsar e acompañar a implantación de plans de prevención nas entidades do sector público da Comunidade Autónoma (medidas 2.1.4 e 2.2.2 do plan estratéxico).

4. Revisar o contido do Documento 4, Metodoloxía para a Avaliación de riscos, e do Documento 5, Catálogo de riscos por área de actividade, incorporando a experiencia adquirida nas actuacións levadas a cabo ata o momento en materia de prevención da corrupción.

5. Adaptar as Directrices Técnicas para a Avaliación do Control Interno nas Entidades Públicas para a súa aplicación nas actuacións de carácter sectorial

6. Realizar as actuacións de desenvolvemento dos protocolos de colaboración asinados no exercicio 2018 (medidas 2.3.1 e 2.3.2 do plan estratéxico).

7. Colaborar coas asociacións empresariais na identificación das áreas de risco para a integridade na



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

contratación pública e na elaboración dunha guía de boas prácticas, coa posibilidade de asinar convenios de colaboración.

8. Impulsar o Protocolo de colaboración entre a Fiscalía da Comunidade Autónoma e o Consello de Contas de Galicia para a prevención da corrupción no ámbito do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia.

9. Realizar a segunda convocatoria do premio de investigación "Carlos G. Otero Díaz.

10. Continuar colaborando no marco do Protocolo coa Consellería de Educación en relación coa posta en marcha das unidades didácticas elaboradas e convocar o certame literario dirixido ao alumnado da ESO e bacharelato.

11. Organizar talleres internos para a posta en común co persoal do Consello dos traballos realizados ata o momento en materia de prevención da corrupción.

12. Levar a cabo actuacións internas de divulgación sobre o código ético da institución e sobre a integridade institucional.

De forma permanente, o Consello abordará os traballos de asesoramento que se lle soliciten sobre os instrumentos normativos; realizará actuacións de alicerce e concienciación no sector público; e actividades de acompañamento, formación e impulso, así como de promoción de instrumentos de colaboración.

Seguindo coa mesma sistemática prevista para a función de fiscalización, coa finalidade de visualizar e dispoñer dunha mellor información sobre o desenvolvemento das actuacións durante o exercicio 2021, e tendo en conta o proceso de execución das actuacións en materia de prevención da corrupción previstas no plan de traballo ao longo de varios exercicios, preséntase a programación correspondente ao ano natural, na que se incorporan as actuacións en execución correspondentes a un plan anterior.



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

**Cadro 2. Actuacións programadas en materia de prevención da corrupción**

| Código de actuación | Actuacións en materia de prevención da corrupción | Ano previsto de aprobación | |
|---|---|---|---|
| | | 2021 | 2022 |
| 1642017-06 | Diagnóstico sobre a implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas entidades dependentes do Sergas | ✓ | |
| 1632017-05 | Diagnóstico sobre a implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos nas sociedades mercantís do sector público autonómico | ✓ | |
| 1632020-02 | Análise de riscos na contratación das entidades instrumentais | ✓ | |
| 1612020-02 | Avaliación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos na Administración xeral da Comunidade Autónoma | ✓ | |
| 1612020-03 | Avaliación do control interno e xestión de riscos na área de subvencións | ✓ | |
| 1602021-02 | Avaliación do control interno e xestión de riscos na área de contratación | | ✓ |
| 1622020-14 | Diagnóstico sobre a implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos na Deputación de Lugo | ✓ | |
| 1622020-15 | Diagnóstico sobre a implantación dos sistemas de control interno e de xestión de riscos na Deputación da Coruña | ✓ | |

## III.2. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

### III.2.1. ACTUACIÓNS DA UNIDADE DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

#### III.2.1.1.Actualización dos Documentos número 4, Metodoloxía para a Avaliación de riscos, e número 5, Catálogo de riscos por área de actividade.

Estes documentos foron aprobados en 2019 co carácter de documentos abertos, suxeitos a posibles cambios ou revisións. Ao longo do exercicio 2021 procederase a actualizar o seu contido incorporando a experiencia adquirida nas actuacións levadas a cabo ata o momento en materia de prevención da corrupción.

#### III.2.1.2 Adaptación das Directrices Técnicas para a Avaliación do Control Interno nas Entidades Públicas para a súa aplicación nas actuacións de carácter sectorial

Tomando como referencia as Directrices Técnicas para a Avaliación do Control Interno nas Entidades Públicas aprobadas pola Sección de Prevención da Corrupción, elaborarase un documento que adapte o seu contido ás actuacións sectoriais de comprobación da implantación do control nos sectores ou áreas máis vulnerables.

#### III.2.1.3. Elaboración do *Documento técnico Guía*-Modelo de Plan de prevención de riscos de corrupción



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF

A partir dos traballos de elaboración do Plan de prevención de riscos para o Consello de Contas e dos plans experimentais que se aproben nos distintos centros da Administración xeral da Comunidade Autónoma elaborarase un documento que, tomando como referencia estes modelos, sirva de guía a todas as entidades que integran o sector público autonómico no proceso de elaboración dos seus propios plans. Con carácter simultáneo levaranse a cabo actuacións para revisar, actualizar ou completar os documentos técnicos xa aprobados en materia de prevención da corrupción coa fin de que quede garantida unha coherencia conceptual e metodolóxica.

O modelo que se aprobe incluirá tamén os parámetros que asume o Consello de Contas para a revisión, seguimento e avaliación sistemática dos plans que lle sexan remitidos en materia de prevención.

#### III.2.1.4. Elaboración do *Documento técnico Guía técnica para a prevención da corrupción en materia de contratación pública*.

Esta guía tratará de identificar e impulsar as mellores prácticas en materia de contratación baseándose nas actuacións previas de avaliación do control interno nesta área sectorial. Analizaranse polo miúdo, tanto os riscos específicos aos que se enfrontan as entidades que integran o sector público autonómico na súa actividade contractual, como os diferentes factores que os orixinan.

#### III.2.1.5. Elaboración dunha ferramenta de autodiagnóstico da transparencia na contratación.

Tomando como base o traballo sectorial de avaliación da transparencia na contratación das entidades públicas instrumentais, elaborarase unha ferramenta que permita ás administracións públicas medir e avaliar, de xeito dinámico, o seu nivel de transparencia en materia de contratación.

A avaliación efectuarase a partir dunha relación de indicadores previamente definidos para cada fase da contratación en función da súa relevancia para a transparencia. O cumprimento ou incumprimento destes indicadores, valorado de forma conxunta, determinará o índice de transparencia da entidade.

### III.2.2. ACTUACIÓNS DAS ÁREAS

#### III.2.2.1. Avaliación do control interno e xestión de riscos na área de contratación, exercicio 2021 [1602021-02]

O documento Estratexia en materia de prevención da corrupción aprobado pola Sección de Prevención da Corrupción contempla ademais da revisión integral do control interno das organizacións públicas,



CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

outras revisións sectoriais que afectan a áreas específicas, en especial ás áreas de maior risco como contratación, xestión de persoal e subvencións.

Atendendo ás recomendación do Parlamento a través da Comisión Permanente non Lexislativa para as relacións co Consello de Contas, e tendo en conta o impacto da pandemia Covid-19 na contratación, prográmase para o ano 2021 esta actuación relativa á Avaliación do control interno e xestión de riscos na área de contratación.

O obxecto do traballo é realizar unha avaliación das medidas que afectan ao contorno de control na xestión da contratación, do nivel de identificación de riscos polos xestores, e das medidas específicas desenvolvidas para evitar ou reducir a exposición a eses riscos.

O traballo realizarase sobre unha selección de centros da Administración xeral, e completarase co seguimento das recomendacións dos informes anteriores de fiscalización en materia de contratación.

# IV. OUTRAS ACTUACIÓNS

En materias organizativas e de planificación e procedemento da Institución prevese a realización das seguintes actuacións:

- O desenvolvemento do plan de formación.
- A implantación da administración electrónica a todos os procedementos internos de xestión así como aos procedementos específicos de fiscalización, prevención da corrupción, rendición e seguimento de recomendacións.

# V. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

O persoal efectivo destinado no exercicio 2021 á realización das funcións de fiscalización e prevención da corrupción, distribuído entre as distintas áreas, é o seguinte:

**Cadro 3: Persoal por Áreas**

| | Coordinación Xeral | Corporacións Locais | Institucional | SERGAS | Conta Xeral |
|---|---|---|---|---|---|
| Auditores/as | 3 | 4 | 3 | 2 | 3 |
| Técnicos/as Auditoría | 3 | 4 | 5 | 3 | 3 |
| Axudantes Auditoría | 3 | 1 | 2 | 3 | 2 |
| Auxiliares Administrativos/as | 1 | 3 | 1 | 1 | 1 |
| Secretarios/as | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |



CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste exercicio 2021 continuarán a empregarse como ferramentas de auditoría as aplicacións TEAMMATE e QLIK, manténdose a aplicación IDEA para a análise de datos. Así mesmo, unha vez implantada, empregarase a ferramenta de xestión electrónica de expedientes GESTIONA.



CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**María Luisa Cardesín Díaz, secretaria xeral do Consello de Contas de Galicia,**

**Certifica:**

Que o Pleno do Consello de Contas na súa sesión do día 22 de decembro de 2020 aprobou o Plan Anual de Traballo para o exercicio 2021.

E para que conste expido a presente certificación co visto e prace do conselleiro maior en Santiago de Compostela ao día da sinatura electrónica.

V e pr

O conselleiro maior

José A. Redondo López



CSV : GEN-cbf8-672e-6bc5-b4fb-24bb-394c-c825-b0ac
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 22/12/2020 12:46 | NOTAS : F
FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 22/12/2020 13:26 | NOTAS : CF



CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGOQ1Xg4qjB6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/